



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE DECEMBRO DO 2022**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e seis de decembro do dous mil vinte e dous, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López e D<sup>a</sup> Margarita López Rodríguez.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero.

**Interventora accidental:** María Inmaculada Buján Arias

Non asiste o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

**ORDE DO DÍA:**

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 28 DE NOVEMBRO DO 2022.**

Sométese a votación a acta do pleno de 28 de novembro, aprobándose por unanimidade.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).  
Datos das Resolucións das que se da conta: do 23.11.2022 AO 20.12.2022.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 26.10.2022 ao 22.11.2022.

**PARTE RESOLUTIVA**



**SECRETARIA**

**3º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

*O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.*

**Transcríbese a proposta da Alcaldía:**

*“Analizado o informe do Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, desta data, do tenor literal seguinte:*

**INFORME DE SECRETRÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

**ANTECEDENTES**

*1º.- O Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Monforte de Lemos remite, para informe, as alegacións presentadas ao acordo do Pleno de 31 de outubro de 2022, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo con data 4 de novembro de 2022, polo que se procedeu á aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias.*

*2º.- Finalizado o prazo para presentación das alegacións o día 2 de decembro de 2022, presentáronse as seguintes:*

**a)** *Alegacións presentadas por empregados/as públicos/as (individuais ou colectivas):*

- D. Andrés Campanario Rodríguez, D. Alberto Loureiro Casas, D. José Luis García Díaz, Dna. María Teresa Domínguez Pereira, Dna. Montserrat Rodríguez Quiroga, Dna. Paula López López.*
- Dna. Antía Nieves Rodríguez.*
- D. Carlos Álvarez Arias.*
- Dna. Elisa Martínez Arias.*
- D. Francisco Javier Rodríguez Casares.*
- D. José Antonio Fernández Fernández.*
- D. José Luis Rodríguez Rodríguez.*
- D. Juan Antonio Pérez Pérez.*
- D. Juan Carlos Prado Díaz.*
- Dna. María Celia López Rodríguez.*
- Dna. Noelia López Prieto e D. Pedro Sánchez Rodríguez.*
- Dna. Paz Marcos López.*
- D. Rafael López Sutilo.*



**b) Alegacións presentadas por organizacións sindicais:**

- CC.OO.
- CSIF.
- CIG.

**NORMATIVA APLICABLE**

- *Constitución Española de 1978.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) .*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRLRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).*
- *Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública .*
- *Ley 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- *Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local.*
- *Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.*
- *Lei 17/2021, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.*

*En virtude diso, emítese o presente*

**INFORME**

**RAZOAMENTOS XURÍDICOS**

**PRIMEIRO.-** *No ámbito local, as retribucións complementarias dos/as empregados/as públicos/asda Administración Local ateranse en todo caso á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos/as empregados/as públicos/aspúblicos/as.*

*En función disto último, o artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, seguindo os criterios da lexislación básica sobre Función Pública, establece que as retribucións básicas dos/as empregados/as públicos/aslocais terán a mesma estrutura e contía que as establecidas con carácter Acta pleno ordinario 26.12.2022*



## SECRETARIA

*xeral para toda a Función Pública, e que as retribucións complementarias ateranse á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos/as empregados/as públicos/aspúblicos/as, aínda que a súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación, dentro dos límites máximos e mínimos que se fixen polo Estado. Anualmente, no Orzamento das corporacións locais reflectiranse as contías das retribucións dos/as seus/súas respectivos/as empregados/as públicos/as nos termos que se prevexan na lexislación básica sobre Función Pública.*

*Neste mesmo sentido exprésanse os artigos 153 e 154 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRLRL), ao dispoñer que :*

### “Artigo 153.

- 1. Os/as empregados/as públicos/as de Administración local só serán remunerados/as polas Corporacións respectivas, polos conceptos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto.*
- 2. Na súa virtude, non poderán participar na distribución de fondos de ningunha clase nin percibir remuneracións distintas ás comprendidas na devandita Lei nin, mesmo, por confección de proxectos, ou dirección ou inspección de obras, ou orzamentos, asesorías ou emisión de ditames e informes.*

*As cantidades procedentes dos indicados fondos incluíranse no orzamento de ingresos das Corporacións.*

- 3. A estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos/as empregados/as públicos/as de Administración local, rexeranse polo disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril.*

### Artigo 154.

- 1. A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano fixará os límites ao incremento das retribucións ou gastos de persoal das Corporacións locais.*

*Cando tales límites fagan referencia á contía global das retribucións dos/as funcionarios/as, entenderanse sen prexuízo das ampliacións de plantillas que poidan efectuarse, de acordo co disposto no artigo 126.2 e 3 desta Lei.*

- 2. O disposto no parágrafo segundo do número anterior non obstará a que, pola Lei de Orzamentos ou por outras leis especiais ou conxunturais, poidan establecerse regras específicas para certos casos ou limitacións á contía das retribucións individuais.*

- 3. A ordenación do pago de gastos de persoal terá preferencia sobre calquera outro que deba realizarse con cargo aos fondos da respectiva Entidade.*



## SECRETARIA

*Regulamentariamente regularase o procedemento substitutivo para o percibo polos/as interesados/as das cantidades que indebidamente deixasen de satisfacerse.”*

*As retribucións dos/as empregados/as públicos/aslocais quedan así reguladas en termos xerais conforme ao previsto no Capítulo III do Título III, artigos 21 e seguintes do TREBEP; con todo, de acordo coa Disposición Derrogatoria Única e a Disposición Final 4ª, a regulación do Capítulo III do Título III só producirá efectos a partir da entrada en vigor das Leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.*

*O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), en relación con esta materia, dispón nos seus artigos 22, 23 e 24 o seguinte :*

*“Artigo 22. Retribucións dos/as funcionarios/as.*

- 1. As retribucións dos/as empregados/as públicos/asde carreira clasifícanse en básicas e complementarias.*
- 2. As retribucións básicas son as que retribúen ao/á funcionario/a segundo a adscrición do seu corpo ou escala a un determinado Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo, e pola súa antigüidade no mesmo. Dentro delas están comprendidas os compoñentes de soldo e trienios das pagas extraordinarias.*
- 3. As retribucións complementarias son as que retribúen as características dos postos de traballo, a carreira profesional ou o desempeño, rendemento ou resultados alcanzados polo/a funcionario/a.*
- 4. As pagas extraordinarias serán dúas ao ano, cada unha polo importe dunha mensualidade de retribucións básicas e da totalidade das retribucións complementarias, salvo aquelas ás que se refiren os apartados c) e d) do artigo 24.*
- 5. Non poderá percibirse participación en tributos ou en calquera outro ingreso das Administracións Públicas como contraprestación de calquera servizo, participación ou premio en multas impostas, aínda cando estivesen normativamente atribuídas aos servizos.*

*Artigo 23. Retribucións básicas.*

*As retribucións básicas, que se fixan na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, estarán integradas única e exclusivamente por:*

- a) O soldo asignado a cada Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo.*



## SECRETARIA

*b) Os trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo, por cada tres anos de servizo.*

### Artigo 24. Retribucións complementarias.

*A contía e estrutura das retribucións complementarias dos/as empregados/as públicos/as estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros, aos seguintes factores:*

*a) A progresión alcanzada polo/a funcionario/a dentro do sistema de carreira administrativa.*

*b) A especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.*

*c) O grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o/a funcionario/a desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.*

*d) Os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo.”*

*Neste apartado, e en relación co asunto que nos ocupa, convén facer especial fincapé no contido do artigo 24 en canto que regula en xeral a percepción de retribucións complementarias polos/as empregados/as públicos/as en xeral, sobre todo por canto que expresamente vén establecer unhas factores aos que a Administración ten que atender á hora de fixar este tipo de remuneracións, e dentro destes moi especialmente non xa o que corresponde ao apartado a) referido á progresión profesional do/a empregado/a público/a, senón ao do apartado b) que se refire á especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo. Artigo este que entendemos posúe unha importancia relevante na materia pois marca a pauta para seguir na fixación das retribucións por parte de todas as Administracións públicas para o común dos/as empregados/as públicos/as.*

**SEGUNDO.-** *Específicamente para a Administración Local, a percepción de retribucións polos/as empregados/as locais vén regulada no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos/as Empregados/as públicos/as de Administración Local, e no ámbito das retribucións complementarias, especialmente centrados no concepto de “Complemento de Destino”, o artigo 3 desta disposición vén dispoñer o seguinte :*

*“Artigo 3. Complemento de Destino*



## SECRETARIA

- 1. Os intervalos dos niveis de postos de traballo dos/as empregados/as públicos/asde Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os/as empregados/as públicos/asda Administración do Estado.*
- 2. Dentro dos límites máximo e mínimo sinalados, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto.*
- 3. En ningún caso os/as empregados/as públicos/asde Administración Local poderán obter postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ao grupo de titulación en que figure clasificada a súa Escala, Subescala, clase ou categoría.*
- 4. Os Complementos de Destino asignados pola Corporación deberán figurar no orzamento anual da mesma coa contía que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada nivel.*

*A teor diso chámase a atención respecto do contido intrínseco do artigo en canto que a asignación de niveis de Complemento de Destino, do mesmo xeito que o Complemento Específico, aos distintos postos de traballo que conforman a Relación de postos de traballo do Concello debe realizarse, polo Pleno da Corporación, en atención a criterios taxados de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto nun caso, e a criterios de especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade no outro, é dicir, débense establecer sempre conforme criterios “obxectivos” asignados a cada posto de traballo, en función das características propias destes, sen que en ningún caso caiba a consideración de cualidades ou circunstancias “subxectivas” na súa fixación.*

*A conceptualización do devandito Complemento retributivo parte das seguintes premisas e fundamentos:*

*O Complemento de Destino pódese definir, de conformidade co art 23.3 a) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (norma esta que aínda que está derogada, resulta aplicable co alcance e a vixencia establecidos na disposición final 4.2, pola disposición derogatoria única.b) da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro) como o correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeña. Como avala a Xurisprudencia é un concepto retributivo de natureza obxectiva, directamente vinculado ao desempeño dun posto de traballo e independentemente de quen sexa o/a funcionario/a que o poida desempeñar (do mesmo xeito que o Complemento Específico). Definición que en termos xerais explíctase para os/as empregados/as locais con arranxo ao xa indicado artigo 4 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril.*



## SECRETARIA

*É un Complemento retributivo xeral (a diferenza do Complemento Específico) e a súa contía depende en principio do nivel asignado ao mesmo e a súa contía, para cada nivel, e actualízase con carácter xeral nos Orzamentos Xerais do Estado de cada ano. En definitiva, para a súa determinación só se ten en conta o posto de traballo ao que se lle asigne un determinado nivel. Iso quere dicir, por outra banda, que cada nivel sucesivo na escala vai representar un maior estadio de dificultade e importancia do posto de traballo ao que vén referido.*

*Estas características diferencian das retribucións básicas (entre outros aspectos), pois estas vincúlanse á titulación esixida para o ingreso como funcionario/a na Administración e coa capacitación técnica esixidas para o acceso ao Corpo e tamén o diferencian do Complemento Específico, xa que as circunstancias singulares, especiais ou de responsabilidade de cada posto de traballo, como a especial preparación técnica requirida para a súa desempeño, a dedicación especial, etc., teranse en conta para retribuír por este concepto pero non se poden ter en conta para a determinación do Complemento de Destino.*

*O Tribunal Supremo determinou que co Complemento de Destino retribúese a especial preparación engadida á xenérica para ingreso na función pública ou a especial responsabilidade que leva a adscrición a un servizo determinado o cal, nos termos establecidos podería dar lugar a certa confusión co Complemento Específico (STS 3 marzo 1994).*

*Non é un Complemento persoal nin individual pois as características persoais do/a funcionario/a non afectarán de ningún xeito ao Complemento fixado para o correspondente posto de traballo. É por iso que o Complemento de Destino debe ser o mesmo xa sexa o/a funcionario/a de novo ingreso ou posúa experiencia, sexa cal for a súa procedencia ou o título xurídico que habilita o seu desempeño.*

*Por outra banda, a asignación de Complementos de Destino aos postos de traballo permite ao/á funcionario/a consolidar graos, pola súa permanencia durante un certo tempo nos mesmos, co cal poderá controlar en certo xeito a súa propia carreira profesional. Neste sentido os/as empregados/as públicos/asteñen dereito a percibir polo menos, o Complemento de Destino correspondente ao seu grao persoal, calquera que sexa o posto de traballo que desempeñe. Ademais o/a funcionario/a non poderá obter postos de traballo non incluídos nos niveis de intervalo correspondente ao grupo en que figure clasificado o seu Corpo ou Escala, existindo certa discrecionalidade pola Administración para a asignación do concreto nivel de Complemento de Destino asignado a cada posto pois dependerá da valoración que se faga de cada posto pola Administración e que se determinará na RPT, que deberá ser o máis obxectivas e equitativas posibles, pois dela dependen os efectos económicos que, en esencia, son importantes.*

*Neste sentido poñer de manifesto que a RPT do Concello de Monforte de Lemos determinou os Niveis de Complemento de Destino con base no "Manual de Valoración", obxetivando a súa puntuación para a concreción dos niveis que lle*  
*Acta pleno ordinario 26.12.2022*





## SECRETARIA

*correspondían a cada posto de traballo. Tamén é de subliñar que a práctica totalidade dos postos teñen sido valorados con un Complemento de Destino que, en moitos casos, e o máximo permitido pola normativa aplicable, e todos eles superando amplamente aos tramos mais frecuentes de determinación do dito Nivel.*

*Por elo, en canto ás alegacións presentadas, temos que poñer de manifesto que conceptos como os de responsabilidade, penosidade, dedicación, etc. nos que practicamente baséanse todas as alegacións, reclamando unha puntuación superior, xa teñen sido valorados á hora de determinar o Complemento de Destino. É dicir ter unha puntuación de, por exemplo, 0 puntos no factor de atención ao público no Complemento Específico non significa que ese posto, en concreto, non teña unha valoración por ese concepto, xa que é un dos criterios para valorar o Complemento Destino, o que significa é que non concurren circunstancias “especiais” nese factor que aconsellen un plus na súa valoración.*

*En consecuencia e, en resumo, pode dicirse que o Complemento de Destino é un concepto retributivo referido ao contido de cada posto de traballo con relación á súa xerarquía na organización xa sexa pola especial preparación técnica ou responsabilidade que requira o desempeño ou polo nivel mínimo que teña asignado en razón do grupo ao que pertenza o/a funcionario/a. Por todo iso pode dicirse que o Complemento de Destino constitúe unha forma de retribuír o desempeño dun determinado posto de traballo, de maneira paralela á establecida para o Complemento Específico, prescindindo totalmente de circunstancias persoais do/a funcionario/a que o desempeñe, sen prexuízo de que este deba reunir os requisitos que se esixan para cubrir o mesmo na correspondente relación de postos de traballo.*

**TERCEIRO-** *Igualmente que no punto anterior, especificamente para a Administración Local, a percepción de retribucións polos/as empregados/as locais vén regulada no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos/as Empregados/as públicos/as de Administración Local, e no ámbito das retribucións complementarias, especialmente centrados no concepto de “Complemento Específico”, o artigo 4 desta disposición vén dispoñer o seguinte :*

*“Artículo 4.º Complemento Específico.*

*1. O Complemento Específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun Complemento Específico a cada posto de traballo, aínda que ao fixalo poderán tomarse en consideración conxuntamente dúas ou máis das condicións particulares mencionadas que poidan concorrer nun posto de traballo.*

*2. O establecemento ou modificación do Complemento Específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación efectúese unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo.*



## SECRETARIA

*3. Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que lles corresponde un Complemento Específico, sinalando a súa respectiva contía.*

*En relación coa determinación do Complemento Específico temos que facer referencia á Sentenza do Tribunal Supremo de data 21 de maio do 2019 que no seu Fundamento de Dereito VII procede a realizar unha completa síntese da doutrina do TS sobre a materia en atención aos distintos ámbitos funcionariais que afecta, citando anteriores fallos e destacando:*

*«Tras a distinción anterior, ha de dicirse que a razón pola que a sentenza recurrida anulou a RPT non é porque o contido desa descrición e desagregación non se acomode ás indicacións que establece o artigo 15.1.b) da Lei 30/1984 LMRFP ou ás circunstancias determinantes do Complemento Específico que enumera o artigo 24.2 da mesma lei . A verdadeira razón desa anulación, como resulta do argumentado no seu FJ quinto, foi considerar, con base nos concretos elementos probatorios que expresamente menciona e na valoración que efectúa de tal proba, que os elementos e circunstancias reflectidos nesa descrición e desagregación non se apoiaron nunha correcta e efectiva valoración de cada un dos postos de traballo.*

*E todo elo coa finalidade de destacar a relevancia da singularidade de cada posto de traballo na atribución do Complemento específico. Tamén son significativas a Sentenza do 22 de decembro de 1994, recurso apelación 600/1993 que reproduce no esencial a precedente do 1 de xullo de 1994, en tal caso sobre as características do art. 23.3.b) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública , coincidente en parte co actual art. 74 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público , RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro que expresa que:*

*» Resulta claro que dentro dun mesmo Centro ou Dependencia administrativa empregados/as públicos/asdo mesmo Grupo poden desempeñar postos de traballo aos que corresponda distinto Complemento Específico: é o contido do posto de traballo o que determina o Complemento Específico.*

*A xurisprudencia citada expresa claramente como o contido do posto e Complemento Específico son inseparables, e para fixar o segundo hai que coñecer ao primeiro, e posteriormente engade:*

*«Vemos, pois que a nosa doutrina tanto no ámbito da función pública estatal ( STS 22 decembro de 1994), función pública local, (3 de outubro de 2012) función xurisdiccional de xuíces e maxistrados ( STS 3 de marzo de 2006) entenden que a determinación ou asignación de Complementos Específicos vinculados ao posto de traballo responden ao contido do posto de traballo singularizado o que aínda que pode esixir un estudo complexo e laborioso por parte da administración que corresponda non pode ser eludido.»*

*Acta pleno ordinario 26.12.2022*



## SECRETARIA

*Este estudo complexo e laborioso foi realizado polo Concello de Monforte de Lemos en orde á determinación do Complemento Específico, e tamén ao Complemento de Destino como se puxo de manifesto no punto anterior. En efecto, redactáronse o manual de valoración de ambos Complementos con criterios claros e obxetivos, negociouse o contido dos mesmos e aplicouse a puntuación, de forma obxetiva, en función de cada un dos factores.*

*Pese a poder parecer reiterativo, o análise das alegacións presentadas tense que facer desde a a óptica de que:*

*1º.- Todos os postos de traballo teñen atribuido un Nivel de Complemento de Destino.*

*2º.- No Complemento de Destino xa se valoran as características propias do posto de traballo de acordo co nivel de progresión alcanzado polo empregado/a público/a.*

*3º.- Non todos os postos de traballo teñen que ter un Complemento Específico xa que éste Complemento valora "as condicións particulares dalgúns postos de traballo".*

*4º.- O feito de que non se teñan en conta determinados factores na valoración do Complemento Específico non determina que no posto de traballo valorado non se tiveran en conta os criterios aos que se fai referencia (responsabilidade, perigosidade, penosidade, dedicación, etc.) xa que esos criterios xa poden ser valorados á hora de determinación do Complemento de Destino, que ten en conta ditas circunstancias e, en xeral, "á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto".*

### **ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS**

*1º.- A Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias foi aprobada por acordo do Pleno de 31 de outubro de 2022, e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo con data 4 de novembro de 2022, finalizando o prazo para presentación das alegacións o día 2 de decembro de 2022.*

*2º.- No prazo concedido ao efecto presentáronse as seguintes alegacións:*

#### **a) Alegacións presentadas por empregados/as públicos/as individuais:**

- D. Andrés Campanario Rodríguez, D. Alberto Loureiro Casas, D. José Luis García Díaz, Dna. María Teresa Domínguez Pereira, Dna. Montserrat Rodríguez Quiroga, Dna. Paula López López.*
- Dna. Antía Nieves Rodríguez.*
- D. Carlos Álvarez Arias.*
- Dna. Elisa Martínez Arias.*
- D. Francisco Javier Rodríguez Casares.*
- D. José Antonio Fernández Fernández.*



- D. José Luis Rodríguez Rodríguez.
- D. Juan Antonio Pérez Pérez.
- D. Juan Carlos Prado Díaz.
- Dna. María Celia López Rodríguez.
- Dna. Noelia López Prieto e D. Pedro Sánchez Rodríguez.
- Dna. Paz Marcos López.
- D. Rafael López Sutilo.

**b) Alegacións presentadas por organizacións sindicais:**

- CSIF.
- CC.OO.
- CIG.

**ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS (INDIVIDUALMENTE OU DE XEITO COLECTIVO).**

**1.- D. ANDRÉS CAMPANARIO RODRÍGUEZ, D. ALBERTO LOUREIRO CASAS, D. JOSÉ LUIS GARCÍA DÍAZ, DNA. MARÍA TERESA DOMÍNGUEZ PEREIRA, DNA. MONTSERRAT RODRÍGUEZ, E DNA. PAULA LÓPEZ. (PROFESORES/AS DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ".**

**ALEGACIÓN EN RELACIÓN COS POSTOS DE DIRECTOR/A, SECRETARIO/A XEFE/A DE ESTUDOS DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ".**

*Solicitan que se modifique a RPT do Concello de Monforte de Lemos na forma de provisión do posto de Director/a do Conservatorio de Música e que pase a ser por concurso de méritos no procedemento no que participe a comunidade educativa e o Concello de Monforte de Lemos tal e como establece o artigo 133 da LOE e a normativa autonómica que consideran de aplicación ao centro e se elimine a forma de provisión dos postos de Xefe/a de Estudos e Secretario/a xa que forman parte do equipo directivo e a devandita proposta de nomeamento corresponde ao Director/a seleccionado/a segundo os artigos 131 e 132 da LOE, procede informar os seguinte:*

*O Pleno do Concello de Monforte na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2021 aprobou o Regulamento de Funcionamento do Conservatorio Municipal "Mestre Ibañez" en cuxo artigo 4 se establece:*

*"O Conservatorio rexerese:*

*1. Ao que se refire ao aspecto educativo e docente, polo Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios*



## SECRETARIA

*elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia e disposicións de desenvolvemento.*

*2.- En canto ao persoal que presta os seus servizos no Conservatorio, as normas serán aplicables aos/ ás empregados/as públicos/as da administración local, concretamente á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e pola normativa de desenvolvemento, así como polo establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia”*

*Como xa se ten reiterado en multitude de ocasións, tanto por escrito como nas reunións da Mesa Xeral de Negociación, a normativa a aplicar ao persoal do Conservatorio Municipal, que será a mesma que a do resto dos empregados/as públicos/as do Concello de Monforte. Mais aínda, nos artigos 9,12 e 13 do Regulamento se regula o procedemento para a provisión dos postos de traballo de director/a, secretario/a e xefe/a de estudos, remitíndose ao procedemento para a provisión de postos de traballo aplicable á administración local.*

*Por conseguinte, a normativa a aplicar no que se refire á provisión de postos de traballo dos/as empregados/as públicos/as do Concello de Monforte de Lemos, entre os que se atopan os postos de director/a, xefe/a de estudos e secretario/a do Conservatorio será a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e tendo en conta que a Disposición Final cuarta do TREBEP mantén a vixencia das leis e regulamentacións previas en tanto non se diten as leis de Función Pública e as normas regulamentarias de desenvolvemento.*

**2º.- DONA ANTÍA NIEVES RODRÍGUEZ, ENXEÑEIRA TÉCNICA INDUSTRIAL.**

**ALEGACIÓN SOBRE O PSOTO DE TRABALLO: ENXENIEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL.**

*Solicita se proceda a revisar a puntuación outorgada para o Complemento Específico, en especial con relación aos factores VII de xornada/dedicación/dispoñibilidade, ao factor de responsabilidade (factor II) e ao factor III de competencia social, atención cidadá, mantendo a retribución que percibía polo Complemento Específico.*

*Manifesta no seu escrito, que na valoración do seu posto de traballo están erróneamente cualificados os factores de responsabilidade, atención cidadá e xornada ou dedicación, xa que outórgaselle, no factor de responsabilidade, unha valoración de cinco puntos, no factor de atención cidadá, cero puntos e, no factor de xornada e dedicación, cero puntos.*



## SECRETARIA

*Nese sentido, razoa que as funcións do posto de traballo trátanse de funcións de responsabilidade e di que se encarga, entre outras, da redacción de pregos de prescricións técnicas dos contratos relativos a súa área, elaboración de informes, revisión da corrección e validez da documentación técnica solicitada en actividades extraordinarias, a confección de estudos e de memorias técnicas e valoracións, e así como que é a responsable dos contratos de Aqualia, limpeza de edificios, gasóleo, calefacción, ascensores, protección contra incendios, legionela e o mantemento das caldeiras, á vez que prepara documentación para as subvencións e se encarga de ruidos, revisión de locais, así como da inspección de eventos, e da revisión do alumeadado público, ademáis doutras tarefas. Por outra banda di que realiza funcións de mando sobre o persoal ao seu cargo e asistencia a reunións de diversas comisións.*

*Con base no exposto, realiza unha valoración subxectiva do que ao seu xuízo deberá de estar valorado cada un dos factores que se toman en conta para a determinación do Complemento Específico.*

*Con base no citado Real Decreto o traballo desenvolvido polo persoal municipal ven retribuído, en primeiro lugar, polas retribucións básicas en función do grupo de clasificación e, no que se refire ás retribucións complementarias, non só figura o Complemento Específico, seno tamén o Complemento de Destino no que se tivo tamén en conta na súa valoración factores como a especialidade, responsabilidade ou competencia.*

*No caso de Dna. Antía, ao igual que se puxo de manifesto no anterior, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos funcionarios da Administración Local, recolle os conceptos retributivos, ademáis do Complemento Específico, polos que se retribúe aos/ás empregados/as, e a diferenza do Complemento de Destino que debe ser valorado para todos os postos da organización, o Complemento Específico só ten que atribuírse a aqueles postos de traballo nos que concurran determinadas condicións de intensidade.*

*Unha vez analizadas as funcións que a propia alegante pon de manifesto no seu escrito e a ficha descritiva do seu posto de traballo, compróbase que non existen esas especiais condicións que acrediten unha valoración superior do Complemento Específico. Teñan en conta que as funcións que realiza encádranse todas elas no Grupo de titulación ao que pertence, Grupo A2, e encádranse todas elas dentro da valoración que, de acordo co manual de valoración do Complemento de Destino, se fixo, non apreciándose elementos que determinen unha especial intensidade nos conceptos de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que esté situado o posto, cosas que non se dan no posto de traballo que se valor.*

*Neste sentido é de destacar que o posto de traballo de enxeñeira técnica industrial, na RPT inicialmente aprobada, asígnaselle un Complemento de Destino 25, e os*



## SECRETARIA

*límites nos que se atopa o Grupo A2, de acordo co Real Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 16 e o NCD 26. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase cun nivel de CD 25, con un punto menos do máximo e con nove puntos máis do mínimo, entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas. Por outra banda, a título de exemplo, sulñar que dona Antía, dende o ano 2019, elaborou soamente catro pregos de prescricións técnicas e que ten baixo a súa responsabilidade tan só a tres traballadores o que evidencia que non concurren esas circunstancias especiais que acediten unha valoración superior á xa feita no análise do Complemento de Destino.*

### **3.- D. CARLOS ÁLVAREZ ARIAS. CAPATAZ DE MANTEMENTO**

#### **ALEGACIÓN SOBRE O POSTO DE OFICIAL DE MANTEMENTO**

*Formula alegacións á valoración de postos de traballo, en relación á valoración do Complemento de Destino e Específico procede informar o seguinte:*

*Manifesta que en relación coa proposta inicial de postos de traballo, observa que na mesma existe un erro, xa que é capataz de mantemento C2 nivel 18 e, polo tanto está mal denominado y que se lle debe de conservar o Complemento de Destino e o Complemento Específico que ten na actualidade. Igualmente manifesta que ten unha formación académica superior á elixida para o puesto que ocupa.*

*O contido do posto de traballo de Oficial de mantemento clasifícase como de oficial e non de capataz/a debido aos factores do mesmo xa que, na actualidade dito posto non ten atribuídas as funcións propias de capataz/a de acordo co manual de valoración do Complemento Específico e do Complemento de Destino.*

*En efecto o posto de traballo que se define non realiza as funcións propias da clasificación pretendida xa que de acordo coa ficha descritiva non é o responsable de programar, coordinar e supervisar o traballo de todos os/as operarios/as, asegurando que todo o traballo se entregue de maneira segura a tempo e dentro do orzamento, ademais de administrar o equipo e os materiais necesarios, nin realiza funcións de supervisión que inclúan a planificación do traballo diario e a asignación de traballadores/as ás tarefas necesarias. Compre salientar que o posto de traballo de Capataz ten como característica básica o exercicio de mando sobre unha cuadrilla de traballadores/as, circunstancia que non concurre no caso que nos ocupa xa que Don Carlos non ten, no seu posto de traballo, persoal baixo a súa dependencia.*

*No caso de D. Carlos, ao igual que se puxo de manifesto no anterior, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos/as empregados/as públicos/asda Administración Local, recolle os conceptos retributivos, ademais do Complemento Específico, polos que se retribúe ao/ás empregados/as, e a diferenza do Complemento de Destino que debe ser valorado para todos os postos da*



## SECRETARIA

*organización, o Complemento Específico só ten que atribuírse a aqueles postos de traballo nos que concurran determinadas condicións de intensidade.*

*Unha vez analizadas as funcións que o propio alegante pon de manifesto no seu escrito e a ficha descritiva do seu posto de traballo, compróbase que non existen esas especiais condicións que acrediten unha valoración superior do Complemento Específico. Teñan en conta que as funcións que realiza encádranse todas elas no Grupo de titulación ao que pertence, Grupo C2, e encádranse todas elas dentro da valoración que, de acordo co manual de valoración do Complemento de Destino, se fixo, non apreciándose elementos que determinen unha especial intensidade nos conceptos de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que está situado o posto.*

*Neste sentido é de destacar que o posto de oficial/a de mantemento, na RPT inicialmente aprobada, asígnase un Complemento de Destino 16, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 9 e o NCD 18. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase cun nivel CD 16, con dous puntos menos do máximo e con sete puntos máis do mínimo, entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

*Polo que se refire á titulación que ostenta, dito aspecto non pode ser obxecto de valoración nas retribucións que deben fixarse, nos conceptos de retribucións básicas de acordo co Grupo de clasificación ao que pertence.*

**4º.- DNA. ELISA MARTÍNEZ ARIAS, TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS ADSCRITA Á SECRETARÍA.**

**ALEGA SOBRE O PSOTO: XEFE/A UNIDADE DE APOIO TÉCNICO A SECRETARÍA**

*Manifesta que, ante a ausencia previa dunha RPT para determinar as funcións do posto de Xefe/a da Unidade de apoio á Secretaría, hai que acudir ás bases que regularon o proceso selectivo no que participou e que determinou o seu nomeamento como funcionaria de carreira.*

*Neste sentido expresa que falta recoñecemento expreso de determinadas funcións e que existe unha xeneralidade noutro tipo de funcións. Fai referencia a funcións relativas a RR.HH e funcións relativas a urbanismo e propón que se substitúa o texto "colabora con RR.HH" e "colabora con urbanismo" polas seguintes funcións: RR.HH, procesos selectivos, bases e situacións administrativas e Urbanismo, disciplina urbanística e execución forzosa en materias urbanísticas.*

*En relación con dita alegación estímase correcto a aclaración que propón en relación coa materia de Urbanismo e procedería modificar a ficha descritiva neste sentido.*





## SECRETARIA

*Pola contra, ao terse creada na RPT un posto de traballo de “Xestor de unidade de apoio a Recursos Humanos”, adscrita á Secretaría Xeral, carece de fundamento que parte desas funcións se lle atribúan ao posto a que fai referencia a alegante e, polo tanto, deberían de ser suprimidas na ficha descritiva.*

**5º.- D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ CASARES, OPERARIO DE ACTIVIDADES CULTURAI.**

**ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO EDIFICIOS CULTURA**

*Manifesta que se produce unha modificación na denominación do posto ao aparecer na RPT como operario/a de edificios e fai unha relación dos cometidos establecidos pola ficha técnica descritiva, e manifesta que, de acordo con esa descrición, atópase a disposición de calquera servizo que se lle ocorra tanto ao Alcalde como á Delegada de cultura que son os seus superiores xerárquicos.*

*Manifesta que as súas funcións son do máis variado e chámalle a atención que, a día de hoxe percibe un Complemento Específico de 10.156,79 € anuais e que a RPT o establece en 8.350,00 € anuais o que supón unha diminución de 1.906,79 € anuais e que iso deriva dunha mala valoración realizada na RPT.*

*Sinala que a puntuación é absolutamente arbitraria e engade que o deseño da valoración foi realizada por unha comisión que ocupa na que participa un funcionario/a ao que se lle incrementa o seu Complemento Específico e unha sobrevaloración do seu posto de traballo e, polo tanto cabe sospeitar que nesta RPT tívose en conta o grao de simpatía ou non, que provocan os integrantes da comisión evaluadora .*

*En relación ao posto de traballo de Operario/a de edificios culturais manifesta que se amosa mal valorado en conceptos como xornada, dedicación, turnicidade de traballo en sábados e domingos e festivos e, no seu caso, servizos diferentes edificios culturais do Concello cando se levan a cabo actividades culturais e manifesta a súa dispoñibilidade absoluta. É mañá, tarde e noite e non ten valoración do Complemento Específico. Con só cinco puntos é moi inferior aos outros que realizan horario só de mañás, e ademáis que os factores de responsabilidade aos que se outorga cero puntos, cando nas súas funcións figura a de vixiar os espazos e custodiar os materiais e supón unha responsabilidade e polo tanto, conclúe que se debe cambiar a puntuación.*

*Independentemente de valoracións meramente subxectivas sobre o procedemento de valoración dos postos de traballo, pola Comisión creada ao efecto, hai que poñer de manifesto que o funcionario, ao que fai referencia, non formou parte de dita Comisión nin tivo intervención algunha na puntuación outorgada a cada un dos factores. Por outra banda as alegacións, subxectivas e infundamentadas, referidas ás simpatías dos membros da Comisión son absolutamente incertas e inxustificadas. En*



## SECRETARIA

*calquera caso o conxunto das retribucións do alegante non sofren disminución de ningún tipo, xa que, ao ter persoalmente unha retribución maior ca do posto valorado, a diferenza aboáraselle en concpeto de complemento persoal transitorio.*

*Polo que refire ao contido do posto de traballo, como en alegacións anteriores doutros postos de traballo de operarios, hai que poñer de manifesto que as funcións que se establecen para o posto na ficha descritiva responden ás necesidades municipais e atópanse dentro do grupo de clasificación do posto.*

*Neste sentido é de destacar, como no caso anterior, que o posto de operario/a de edificios, na RPT inicialmente aprobada, asignase un Complemento de Destino 14, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 7 e o NCD 14. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase co nivel de CD 14, o máximo para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

*Don Francisco Javier Rodríguez Casares manifesta a súa disconformidade coa valoración do Complemento Específico en tan só 75 puntos, xa que considera que atópanse mal baremados os factores de atención ao cidadá con 0 puntos; o factor de xornada e dedicación con 5 puntos e o factor de responsabilidade onde se lle outorgan 0 puntos.*

*O alegante realiza funcións de operario de mantemento no edificio Multiusos do Concello de Monforte de Lemos e, unha vez analizadas as características do posto de traballo e a ficha descritiva do mesmo pódese comprobar que non concorren circunstancias especiais que determinen unha superior valoración en ditos conceptos, xa que logo as funcións do posto, en relación cos factores expostos xa atópanse retribuídas no Complemento de Destino. Elo por canto o réxime de retribucións dos/as empregados/as públicos/asda Administración Local establecido no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos/as empregados/as públicos/asda Administración Local recolle os conceptos retributivos, ademáis do Complemento Específico.*

*Con base no citado Real Decreto o traballo desenvolvido polo persoal municipal ven retribuído, en primeiro lugar, polas retribucións básicas en función do grupo de clasificación e, no que se refire ás retribucións complementarias, non só figura o Complemento Específico, senón tamén o Complemento de Destino no que se tivo tamén en conta na súa valoración factores como a especialidade, responsabilidade ou competencia.*

*O feito de que se atenda ao/á cidadán/á non determina, sen máis, a procedencia da valoración dese factor por enriba do xa valorado no Complemento de Destino. Igual reflexión procede realizar en canto aos outros conceptos aos que se refire, é dicir ao*  
*Acta pleno ordinario 26.12.2022*



**SECRETARIA**

*factor de xornada e dedicación que, igualmente foron tidos en conta, de acordo co manual de valoración, no momento de fixación do Complemento de Destino.*

*Non obstante, no caso de D. Francisco Javier Rodríguez Casares, como él mesmo expón, sí se teñen valorados eses factores, se ven non na intensidade pretendida que, por certo, baséase nunha fundamentación xenérica pero sen xustificar as circunstancias que acreditarían a aplicación dunha puntuación superior.*

**6.- D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. PEÓN XARDÍNS**

**ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO/A MEDIO AMBIENTE**

*Solicita se proceda a revisar e mudar as funcións descritas para o seu posto de traballo e se reformule o seu posto como Oficial/a equivalente a C2, procede informar o seguinte:*

*Na primeira das alegacións, Don José Antonio manifesta que ata de agora prestaba servizos para o concello como “operario de parques e xardíns”, se ben, na RPT que se ven de aprobar figura como “operario/a de medio ambiente” o que segundo manifesta repercute nas funcións asignadas ao seu posto de traballo.*

*Dentro desta facultade de autoorganización, o Concello de Monforte denomina o que antes figuraba como parques e xardíns como Medio Ambiente, sen que isto supoña que o posto de operario/a pase a ter unhas funcións distintas ás propias desta categoría profesional, non sendo posible asignar funcións de oficial/a a un posto de operario.*

**7º.- D. JOSÉ LUIS RODRIGUEZ RODRÍGUEZ, PEÓN XARDÍNS**

**ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO/A MEDIO AMBIENTE**

*Manifesta que era operario de parques e xardíns e na RPT, pasa a denominarse operario/a de medio ambiente e que se modifica as figuras asignadas ao seu posto de traballo. Relaciona a ficha descritiva, as funcións que se realizan e engade que moitas funcións están engadidas ao posto de traballo de orixe cando nunca fixo esas funcións, e non se corresponden ao seu xuízo, coas funcións de operario/a de xardíns e a nova denominación de operario/a de medioambiente, e, polo tanto, aseméllanse ás figuras para o posto de oficiais de xardíns, xa que realiza podas en altura e utiliza motoserras e tesoiras eléctricas y manuais, o que implica traballos de mantemento de ferramentas e limpeza de vías para o que se utiliza diverso material como sopladores á vez que fai deseño e mantemento de rego, e polo tanto, solicita que se convertan ditas funcións, se califique o seu posto de traballo en oficial/a ou equivalente.*



## SECRETARIA

*Con relación ao cambio de denominación poñer de manifesto que as denominacións dos postos de traballo que se fan na RPT derivan das necesidades organizativas municipais e esa RPT é o instrumento xurídico válido para realizalas.*

*Polo que se refire ás novas funcións que se establecen para o posto na ficha descritiva éstas responden igualmente ás necesidades municipais e atópanse dentro do Grupo de clasificación do posto e correspóndese coas que xa viña realizando.*

*Neste sentido é de destacar, como no caso anterior, que o posto de operario/a de medio ambiente , na RPT inicialmente aprobada, asígnase un Complemento de Destino 14, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996 de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 7 e o NCD 14. No caso do posto de traballo, como pode observarse valórase co nivel de CD 14, o máximo para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

### **8º.- D. JUAN ANTONIO PÉREZ PÉREZ. CAPATAZ MANTEMENTO**

#### **ALEGA SOBRE O POSTO: OFICIAL MANTEMENTO**

*Manifesta que en relación coa proposta inicial de postos de traballo, observa que na mesma existe un erro, xa que é capataz de mantemento C2 nivel 18 e, polo tanton non hai lugar a reducir ningún dos pluses que ven percibindo, xa que no seu caso verase obrigado a interpoñer as oportunas accións legais.*

*O contido do posto de traballo de Oficial/a de mantemento clasifícase como de oficial/a e non de capataz/a debido aos factores do mesmo xa que, na actualidade dito posto non ten atribuídas as funcións propias de capataz/a de acordo co manual de valoración do Complemento Específico e do Complemento de Destino.*

*En efecto o posto de traballo que se define non realiza as funcións propias da clasificación pretendida xa que de acordo coa ficha descritiva non é o responsable de programar, coordinar e supervisar o traballo de todos os/as operarios/as, asegurando que todo o traballo se entregue de maneira segura a tempo e dentro do orzamento, ademais de administrar o equipo e os materiais necesarios, nin realiza funcións de supervisión que inclúan a planificación do traballo diario e a asignación de traballadores/as ás tarefas necesarias. Compre salientar que o posto de traballo de Capataz ten como característica básica o exercicio de mando sobre unha cuadrilla de traballadores/as, circunstancia que non concorre no caso que nos ocupa xa que Don Juan Antonio non ten, no seu posto de traballo, persoal baixo a súa dependencia.*

*No caso de D. Juan Antonio, ao igual que se puxo de manifesto no anterior o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos/as empregados/as públicos/asda Administración Local, recolle os conceptos retributivos, ademais do Complemento Específico, polos que se retribúe aos/ás empregados/as, e a diferenza*



## SECRETARIA

*do Complemento de Destino que debe ser valorado para todos os postos da organización, o Complemento Específico só ten que atribuírse a aqueles postos de traballo nos que concurran determinadas condicións de intensidade.*

*Unha vez analizadas as funcións que o propio alegante pon de manifesto no seu escrito e a ficha descritiva do seu posto de traballo, compróbase que non existen esas especiais condicións que acrediten unha valoración superior do Complemento Específico. Teñan en conta que as funcións que realiza encádranse todas elas no Grupo de titulación ao que pertence, Grupo C2, e encádranse todas elas dentro da valoración que, de acordo co manual de valoración do Complemento de Destino, se fixo, non apreciándose elementos que determinen unha especial intensidade nos conceptos de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que está situado o posto.*

*Neste sentido é de destacar que o posto de oficial/a de mantemento, na RPT inicialmente aprobada, asígnase un Complemento de Destino 16, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 9 e o NCD 18. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase cun nivel CD 16, con dous puntos menos do máximo e con sete puntos máis do mínimo, entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

**9º.- D. JUAN CARLOS PRADO DÍAZ, TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE.**

**ALEGA SOBRE O POSTO: RESPONSABLE UNIDADE MEDIO AMBIENTE**

*Manifesta que no posto de Responsable da Unidade de medio ambiente se teñen en conta as funcións de captura e recollida de animais domésticos e o emprego de fitosanitarios, preparación e aplicación, e que polo tanto debería modificarse a valoración que se fai no factor de perigosidade.*

*Como en alegacións anteriores temos que por de manifesto que, polo que se refire as funcións que se establecen para o posto na ficha descritiva estas responden igualmente ás necesidades municipais e encóntranse dentro do Grupo de clasificación do posto.*

*Neste sentido é de destacar, como en casos anteriores, que o posto de Responsable da Unidade de Medio Ambiente , na RPT inicialmente aprobada, asígnase un Complemento de Destino 25, e os límites entre os que se encontra o Grupo A2, de acordo co Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 16 y o NCD 26. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase co nivel de CD 25, e dicir, un punto menos do máximo legalmente emitido e nove puntos mais do mínimo*



## SECRETARIA

*establecido para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

*Con todo, o posto de traballo que desempeñaba o alegante, con anterioridade tiña atribuído un NCD 16, o mínimo regulado, e asígnaselle o 25, como se dí un punto menos do máximo permitido, en concreto dito posto tivo un incremento de 9 puntos no CD. Por outra banda o Complemento de Destino anterior quer tiña fixado o posto era de 9.962, 58 € e pasa a ter unha valoración de 10.450,00 €, polo que tivo un incremento significativo en ambos conceptos.*

### **10.- DNA. MARÍA CELIA LÓPEZ RODRÍGUEZ. CONSERXE-LIMPIADORA**

#### **ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO/A DE MANTEMENTO (COLEXIO A GÁNDARA)**

*Dona María Celia López Rodríguez manifesta que a denominación do posto de traballo que se propón na RPT de Operario/a de mantemento (Colexio A Gándara) non é coincidente coa categoría profesional da interesada debendo denominarse Conserxe (Colexio "A Gándara).*

*A este respecto compre dicir que, a través da RPT entendemos, pode modificarse a estrutura da propia Administración, sempre e cando as funcións asignadas aos postos estén dentro das correspondentes a súa categoría.*

*Dentro desta facultade de autoorganización, o Concello de Monforte denomina o posto que antes figuraba como Conserxe-Limpador/a, non como ela manifesta Conserxe, agora como Operario/a de Mantemento, sen que isto supoña que o posto pase a ter unhas funcións distintas ás propias desta categoría profesional. O posto é a estrutura da función pública e o seu contido ten que estar determinado nas Relacións de Postos de Traballo.*

*O posto de Operario/a de mantemento obxecto desta alegación, figura na RPT do Concello de Monforte de Lemos para ser ocupado por un/ha empregado/a deste Concello, que dependerá desta Administración e non como manifesta a alegante da dirección do centro de ensino. De feito comunicóuselle, en diversas ocasións, que dentro dos seus cometidos non está a atención á Dirección do centro, aos/ás profesores/as e ao alumnado, xa que ditas funcións son de responsabilidade da administración educativa, xa que as competencias do Concello, nos Colexios públicos, alcanzan só as tarefas de mantemento e non as funcións de carácter administrativo ou de asistencia aos/as alumnos/as.*

*Por último, vistas as funcións do posto, unha vez valorado o mesmo, asígnóuselle unha puntuación por factores que determinou a valoración de Complemento Específico.*

**SECRETARIA**

**11º.- DONA NOELIA LÓPEZ PRIETO, E D. PEDRO SÁNCHEZ RODRÍGUEZ . CAPATAZ GRUMIR**

**ALEGAN SOBRE O POSTO: OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES**

*Non está de acordo en que polo Concello de Monforte de Lemos non se haxan declarado como estruturais as prazas de capataz/a grumir e que, polo tanto non fosen incluídas na oferta de emprego extraordinaria de consolidación.*

*Alega, neste sentido, o contido das bases que rexeron no proceso de contratación das citadas prazas, e aporta diversa documentación, facendo referencia á Sentenza do Xulgado do Social nº 3 que, en relación coa súa relación laboral, a declara como unha relación indefinida co Concello desde o 1 de xullo do 2004, solicitando na súa alegación que na RPT se inclúan as prazas de capataz/a GRUMIR. Compre salientar que o posto de traballo de Capataz ten como característica básica o exercicio de mando sobre unha cuadrilla de traballadores/as, circunstancia que non concorre no caso que nos ocupa xa que nin Dona Noelia, nin Don Pedro teñen no seu posto de traballo persoal baixo a súa dependencia.*

*Verdadeiramente Dna. Noelia non fai referencia ao contido ou á valoración que do posto de operario/a de servizos múltiples fai a RPT. Pola contra a súa pretensión é que figure o posto de capataz/a GRUMIR. No suposto que ela fai referencia non é posible, nin incluír nos procesos de consolidación de emprego temporal, nin na RPT un posto que non existe na organización municipal xa que os GRUMIR foron extinguidos e o Concello de Monforte de Lemos, que segundo a Lei 20/2021, tería a posibilidade de declarar finalizada a súa relación laboral, ao non ser susceptibles de consolidación, por carecer dese carácter estrutural, o que fai o Concello por medio da RPT é a regularización da situación, pero coa creación dun posto cuxas funcións son as que efectivamente veñen desempeñando e que son as que necesita o Concello.*

**12º.- DONA PAZ MARCOS LÓPEZ, AUXILIAR ADMINISTRATIVA.**

**ALEGA SOBRE O POSTO: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A INTERVENCIÓN**

*Relaciona no seu escrito as funcións da ficha da RPT, que define o seu posto de traballo e que califica como funcións que vén desenvolvendo de forma continua. Manifesta que, do exame das mesmas, dedúcese con total claridade do posto de traballo que desempeña realiza, con creces, as funcións establecidas para a Subescala auxiliar no artigo 166 do Texto Refundido do Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986 e que deberíanse atopar correctamente ubicadas dentro da escala administrativa definida no citado texto legal. En relación co exposto, solicita a creación da figura de xestor/a na Unidade de intervención. Engade que non é correcto tecnicamente nin favorece os principios de eficacia e eficiencia que non se atenda ao principio de xerarquía e se pase do Interventor/a ao técnico/a A1 e, desde ahí, descéndese directamente a un posto de C2. Neste sentido alega que,*



## SECRETARIA

*se analiza detidamente as funcións atribuídas na RPT, en relación coas prazas de xestores/as, pódese comprobar que non xustifica a clasificación do posto que ocupa como C2, xa que supón a realización de tarefas de tramitación, control e colaboración e non sempre auxilio, polo tanto solicita que se proceda á revisión e que se reclasifique o posto que desempeña como xestor/a do grupo C1.*

*En relación coa alegación presentada, ao igual que en casos anteriores tense que recordar que no caso de Dna. Paz, ao igual que se puxo de manifesto nos anteriores o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos funcionarios da Administración Local, recolle os conceptos retributivos, ademáis do Complemento Específico, polos que se retribúe aos/ás empregados/as, e a diferenza do Complemento de Destino que debe ser valorado para todos os postos da organización, o Complemento Específico só ten que atribuírse a aqueles postos de traballo nos que concurran determinadas condicións de intensidade.*

*Unha vez analizadas as funcións que a propia alegante pon de manifesto no seu escrito e a ficha descritiva do seu posto de traballo, compróbase que non existen esas especiais condicións que acrediten unha valoración superior do Complemento Específico. Ter en conta que as funcións que realiza encádranse todas elas no Grupo de titulación ao que pertence, Grupo C2, e encádranse todas elas dentro da valoración que, de acordo co manual de valoración do Complemento de Destino, se fixo, non apreciándose elementos que determinen unha especial intensidade nos conceptos de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos nos que está situado o posto.*

*Neste sentido é de destacar que ao posto de traballo de auxiliar administrativo de intervención, na RPT inicialmente aprobada, asígnase un Complemento de Destino 16, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996, de 2 febreiro, se atopan entre o NCD 9 e o NCD 18. No caso do posto de traballo que nos ocupa, como se pode observar valórase cun nivel de CD 16, é dicir, con dous puntos menos do máximo e con sete puntos máis do mínimo, entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

### **13º.- D. RAFAEL LÓPEZ SUTILO. PEÓN DE CEMITERIOS**

#### **ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO CEMITERIO.**

*Transcribe a ficha descritiva do seu posto de traballo e as funcións referidas ao mesmo e analiza a valoración que se realizou en cada un dos factores e que da lugar a unha concreción de 75 puntos para a determinación do Complemento Específico e o que tradúcese de feito de que se valora cunha cantidade de 1.250,00 € o que supón 235,32 menos euros dos que viña percibindo. Manifesta que o manual de valoración do Complemento Específico é un documento absolutamente confuso sen xustificar cal é o tipo de obscuridade que plantexa dito documento, se ben é certo que é un*





## SECRETARIA

*documento técnico de especial complexidade de comprensión pero, no que quedan determinados con claridade os criterios que se valoran para establecer cada unha das puntuacións.*

*Analiza pormenorizadamente cada un dos factores. Alega que debería facerse unha valoración maior en factores como o da responsabilidade, valórase con cero puntos, cando dí que o posto de traballo é responsable de todo o que ocorre na instalación. Igualmente, no factor de penosidade, di que se non se valora o esforzo físico, psicolóxico e mental derivado das condicións ambientais e que polo tanto necesita unha valoración superior que se valora con 10 puntos, é dicir, a puntuación máis baixa no nivel de valoración. En relación co factor de competencia social de atención cidadá, que se valora con cero puntos, manifesta que debe ter unha valoración superior, pois ten que atender e informar ao público. Alega tamén no referido á xornada, dedicación e dispoñibilidade, xa que presta os sus servizos en sábados e domingos e que polo tanto igualmente, debería de ter unha valoración superior dado que os cemiterios abren todos os días do ano e, polo tanto, solicita que se proceda a revisar e cambiar por maior puntuación a outorgada para o Complemento Específico en relación con ditos factores.*

*En relación con esta alegación de D. Rafael sinalar, como en casos anteriores, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos/as empregados/as públicos/asda Administración Local, recolle os conceptos retributivos, ademáis do Complemento Específico, polos que se retribúe aos/ás empregados/as, e a diferenza do Complemento de Destino que debe ser valorado para todos os postos da organización, o Complemento Específico só ten que atribuírse a aqueles postos de traballo nos que concurran determinadas condicións de intensidade.*

*Unha vez analizadas as funcións que o propio alegante pon de manifesto no seu escrito e a ficha descritiva do seu posto de traballo, compróbase que non existen esas especiais condicións que acrediten unha valoración superior do Complemento Específico. Ter en conta que as funcións que realiza encádranse todas elas no Grupo de titulación ao que pertence: "Agrupacións profesionais", e encádranse todas elas dentro da valoración que, de acordo co manual de valoración do Complemento de Destino, se fixo, non apreciándose elementos que determinen unha especial intensidade nos conceptos de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servzios en que esté situado o p o s t o .*

*Neste sentido é de destacar que o posto de operario do cemiterio, na RPT inicialmente aprobada, asignase un Complemento de Destino 14, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 7 e o NCD 14. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase co nivel de CD 14, o máximo para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas. En calquera caso o conxunto das retribucións do alegante non sofren*



## SECRETARIA

*disminución de ningún tipo, xa que, ao ter persoalmente unha retribución maior ca do posto valorado, a diferencia aboáráselle en concepto de complemento persoal transitorio.*

### **ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS Á RPT PRESENTADAS POLAS CENTRAIS SINDICAIS.**

*Como cuestión previa, sendo común a todas as alegacións das centrais sindicais, que non se produxo unha real e efectiva negociación porque con só tres reunións da Mesa de Negociación resulta evidente que non se cumpre co deber de boa fe de negociar por parte do ente municipal, e se afirma que existe unha falta absoluta de transparencia do Concello nos métodos de avaliación e criterios de confección do documento da RPT, é preciso poñer de manifesto que, a xuízo do que suscribe, non se poden acoller ditas alegacións polas seguintes consideracións:*

*1º.- A Mesa Xeral de Negociación, por primeira vez, foi convocada con data 30 de setembro de 2022 e celebrouse o día 5 de outubro de 2022. A dita convocatoria acompañouse toda a documentación precisa para o estudo da mesma, en concreto os manuais de valoración do Complemento específico e do Complemento de destino, as fichas descritivas e o documento final da RPT.*

*2º.- Na sesión celebrada o día 5 de outubro de 2022, todos os sindicatos, a excepción da UGT, alegaron falta de tempo para o estudo do documento e propúxose adiar para que existise unha, según eles, verdadeira negociación. Con todo, e pese á manifestación de falta de tempo para o estudo, os sindicatos CC.OO., CIGA e CSI-CSIF fixeron as alegacións e propostas que estimaron convintes, e o sindicato UGT manifestou o seu apoio á RPT.*

*3º.- O concello de Monforte de Lemos ante as solicitudes dos sindicatos convocou unha mesa negociadora para o día 10 no que se lles requeriu que presentaran, de ser o caso, unha proposta alternativa para valorar, tanto o propio documento da RPT, como as fichas descritivas e o manual de valoración.*

*4º.- Na reunión da Mesa Negociadora do día 10 de outubro os sindicatos mantiveron as súas propostas iniciais e a alegación de falta de tempo de negociación, reiterando as alegacións que, de xeito individual, fixeron na reunión do día 5 de outubro, pero non presentaron ningún documento alternativo á proposta do Concello.*

*5º.- Con todo, e para continuar coa Negociación nesa mesma data do 10 de outubro, convocouse unha nova reunión para o día 17 de outubro de 2022. En dita reunión deuse conta por parte do Concello das propostas aceptadas que se fixeron polos sindicatos na reunión do día 10 e procedeuse á votación do documento final.*



## **SECRETARIA**

*Polo tanto non pode ter acollida a alegación de falta de negociación xa que todos os sindicatos tiveron a documentación en tempo e forma e poideron, como así fixeron, realizar propostas alternativas, se ben non aos documentos completos, sí a cuestións individuais, que foron respostadas polo Concello, facendo só propostas sobre postos individualizados e non de carácter colectivo sobre o conxunto da RPT.*

*No prazo de presentación de alegacións polas centrais sindicais, presentáronse escritos nos que reiteran as propostas realizadas polos diferentes sindicatos na fase de negociación que, a continuación, pásase a analizar:*

### **CC.OO DE GALICIA (UNION LOCAL DE LEMOS)**

*Manifesta que a RPT aprobada non se axusta a dereito, porque con so tres reunións da Mesa de Negociación resulta evidente que non se cumpre co deber de boa fe, negociar por parte do ente municipal e manifesta unha falta absoluta de transparencia do Concello, nos descoñecidos métodos de avaliación e criterios de confección do documento da RPT aprobado inicialmente inclúen os referidos a contías de complemento específico asignados a cada un dos postos de traballo, producindo asignacións económicas determinadas a postos con carácter claramente arbitrario.*

*Ésta é a única alegación que se fai en relación coa RPT e xa ten contestación nos apartados anteriores.*

### **CENTRAL SINDICAL INDEPENDENTE E DE FUNCIONARIOS (CSI-CSIF)**

*Reiteran como motivo impugnatorio a ausencia de vontade negociadora posta de manifesto inicialmente na imposibilidade de realizar un estudo detallado do extenso documento para formular as correspondentes propostas de mellora expostas na Mesa do 5 de outubro.*

*Reiteran así mesmo as alegacións que consideran non foron atendidas:*

*a) Creación de xestores/as en todas as unidades administrativas (apoio a secretaría, recursos humanos, servizos sociais, OMIX, contratación de padrón, no servizo de tesourería, no de intervención e tamén no servizo de rendas) reafirma tal alegato en aras da corrección para que se reflexen tales postos de Cl, a circunstancia de que en algún dos casos consta que tales cometidos de categoría superior á que se desenrolan como auxiliares xa existen. E dicir, estase reflexando na RPT un salto de categorías entre auxiliar-administrativo e Técnico/a sen recoller un/ha administrativo/a. E pese a elo, como consta no Concello, os/as auxiliares veñen na realidade práctica desenvolvendo tales*



**SECRETARIA**

*cometidos de administrativo/a, e solicitan o nivel do complemento de destino nivel 20 e o dos auxiliares administrativos 18.*

*b) Inciden na previsión que se recolle na RPT dun xestor/a no servizo de rexistro, xunto a outra praza de auxiliar administrativo/a cunhas funcións moi similares, o que non xustifica esta diferenciación entre o C1 e C2.*

*c) Solicítase tamén a revisión do concepto Responsabilidade na valoración realizada no complemento específico, que debe axustarse aos principios de proporcionalidade e xerarquía o que entenden que NON acontece .*

*d) Solicitan tamén que se reconsidere e reevalúe a valoración realizada no concepto de atención ó público, sobre todo nos postos C2 e C1. Todo isto debe poñerse en conexión co regulamento do teletraballo no concello de Monforte de Lemos, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data que no seu artigo nº 2.*

*e) En canto aos complementos persoais transitorios, aprecian a total falta de motivación dos mesmos. Consideran que no caso de ser necesarios, debería motivarse na folla de valoración ou nun documento independente, debendo xustificarse suficientemente os motivos desa baixadas, por exemplo se calquera das funcións de ditos supostos non se veñen desempeñando, a súa incorrección....*

*f) Solicitan tamén a reconsideración e armonización da asignación dos complementos de destino dentro dos grupo A2, pois a gran maioría dos/as traballadores/as encadrados no grupo A2 , reciben a asignación dun complemento de destino nivel 18 (técnico/a CIM, mestres/as do conservatorio ..) por outra banda, tanto os/as traballadores/as sociais como o/a técnico/a de cultura, de nova creación, reciben un nivel 22.*

*g) Sobre o persoal laboral entenden que ningún posto pode ter 0 puntos nos apartados de responsabilidade e de atención ao/á cidadán/á, xa que o feito de realizar calquera tarefa xa implica unha responsabilidade, que será maior ou menor en función das características da mesma.*

*h) Sobre o apartado de atención ao/á cidadán/á, destacar que todos os/as traballadores/as, tanto os/as que prestan servizos nas dependencias do concello como no exterior, ao longo da súa xornada laboral manteñen contactos cos/as cidadáns/ás, especialmente os/as que traballan no exterior xa que son a cara visible do Concello nese lugar nese momento, e son moitos/as os/as cidadáns/ás que se dirixen a eles/as diariamente para solicitarlles información sobre tramites e asuntos municipais.*

*i) Por último salientan que o documento adoece de algúns defectos, ou erros de*



## SECRETARIA

*transcrición ou de feito , como por exemplo figura que a praza de Al Xefe/a de contratación e patrimonio se atopa vacante e cuberta por un/ha interino/a, cando a realizade é que a praza se atopa cuberta en propiedade, estando o/a seu/súa titular en comisión de servizo, polo que ten reserva de praza.*

### **CIG (CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA)**

*Reiteran que a RPT adoece dos requisitos imprescindibles de negociación colectiva baixo os principios de boa fe, transparencia, regulado nos artigos 33.1 e 34.7 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Consideran que non se axusta a dereito porque soamente en tres reunións, das que os/ás representantes dos/as traballadores/as non puideron comprobar as actas nin asinalas, de ser o caso, polo que entenden que non se cumpre co deber de boa fe de negociación. Aseguran que, existe unha falta de transparencia nos métodos de avaliación e criterios de confección do documento da RPT, e que se producen asignacións económicas arbitrarias.*

*Realizan as seguintes alegacións:*

**1º.-***Cuestionan a Comisión que valora a RPT: 1º porque se valoran os seus propios postos e 2º porque existen valoracións arbitrarias. Así mesmo queixase de que os/as seus/súas afiliados/as son os/as que teñen unha baixada máis importante de retribucións no seu complemento específico (en diante CE).*

**2º.-***Consideran falta de congruencia nas valoracións de diferentes items:*

- Na valoración de dificultade técnica, consideran insuficiente para os postos de Axente de Policía Local, onde a puntuación total (10 puntos), que é a cuarta parte da puntuación de calquera dos postos que se está a analizar nesta RPT, entenden que como mínimo a dificultade técnica deste posto deba de chegar polo menos a 40 puntos, tendo como referencia as funcións e a comparativa con outros postos.*
- Na valoración da responsabilidade en diferentes postos, que esta é de 0 ou 5 na maioría deles, non entenden que determinados postos como Xefatura de Unidade, Xefatura de Unidade Técnica de Secretaría, Xefatura de Unidade Técnica de Contratación e Patrimonio, Xefatura de Unidade Técnica de Intervención, Axente de policía local, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a Técnico Industrial, Técnico/a do CIM e o Técnico/a da Unidade de Medio ambiente, se lles cualifique con un 5, parécelles unha puntuación demasiado baixa.*
- Calquera dos factores que se teñen en conta no Manual, entenden que ten que reflectir algunha puntuación, entenden que non pode ser que o valor do ítem*



**SECRETARIA**

*de responsabilidade de calquera postos sexa 0.*

- *Entenden que procede un establecemento dunha fórmula de proporcionalidade salarial, entre o CE máis altos e os máis baixos.*
- *Reiteran a esixencia de que calquera factor que teña algún valor de puntuación, non entenden que existan postos á atención á cidadanía ou calquera outro factor se contabilice como cero (0).*
- *Respecto ao CIM, solicitan que se axuste ás funcións e o organigrama ao establecido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.*
- *De xeito xenérico consideran que o complemento persoal transitorio (en diante CPT) é un medio de baixar os salarios, e que os/as afectados/as por CPT teñen unha puntuación errónea e arbitraria.*
- *Propoñen reformular os baremos e corrección do factor de dificultade técnica no Manual de valoración do CE.*
- *Os postos básicos dentro da administración son os da primeira liña de atención ao público polo que entenden que deben ter a valoración máis alta no ítem de atención ao público.*

*En relación cos postos individualizados:*

- *Entenden que no Concello de Monforte segundo o traballo que veñen desenvolvendo os/as operarios/as non son funcións de operarios/as, polo emprego de maquinaria, manexo de fitosanitarios, podas en altura, saneamentos, etc... polo que propoñemos que se reformule a súa categoría a Oficiais equivalencia C2.*
- *Consideran que segundo as descrições dos postos de traballo dos/das auxiliares, que hai tarefas propias destes postos, polo que instan a que se reconsidere a puntuación establecida no apartado da responsabilidade ao tempo de axustar a pertenza do grupo ao C1.*
- *Entenden que a reformulación dos/as Operarios/as de Mantemento dos colexios, é incongruente que nas funcións de conserxería se puntúe 0 no factor de responsabilidade, e 0 no de atención cidadá, xa que se entende ao alumnado como cidadáns/ás que gozan dun servizo, co que se debe reformular a*



*puntuación.*

- *Consideran que a puntuación dalgúns postos é altísima e que esta debería ser similar entre os grupos de pertenza.*
- *Realizan as seguintes consideracións:*

*a) Os/as axentes da Policía Local deberán de ver revalorizada a súa puntuación, achegándose aos 240 puntos.*

*b) Os/as técnicos/as dos grupos A1 e A2 deberán ter, agás postos moi concretos e singularizados, entre eles unha puntuación similar que podería achegarse segundo a nosa valoración aos 240 puntos.*

*c) Os/as postos de capataces/zas considerarse equivalentes a C1.*

*d) Concrecións de xornada dos postos.*

*e) Consideran que existe unha infravaloración da xornada de adicación de posto de traballo aos que se lles demanda dispoñibilidade.*

*f) O postos de educador/a solicitan que se lles recoñeza con carácter retroactivo a falta de correspondencia entre a retribución real e a recoñecida.*

*g) Operario/a medio ambiente solicitan manter a descrición actual e que pasen a ser oficiais C2, así como solicitan a revisión do CE.*

*h) O posto de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial solicitan que se reconsidere as valoracións da responsabilidade, atención cidadá e xornada de dedicación, xa que entenden que están infravalorados.*

*En relación coas alegacións presentadas procede analizar o seguinte:*

- **Proposta da CSIF:**

*1º- Solicítase a creación da figura do/a xestor/a (C1 administrativos/as) en todas as unidades administrativas de Administración Xeral.*

*Como xa se expresou nas distintas Mesas Negociadoras non ten sentido, de forma xeralizada, a creación de xestores/as en todas as unidades, posto que non todas as unidades teñen a mesma carga de traballo nin a mesma responsabilidade, a súa creación deberá facerse despois dun estudo do contido do posto de traballo e*



## SECRETARIA

*as tarefas atribuídas a dito posto, que é o que se fixo na RPT proposta polo Concello.*

**2º.-** *No Servizo de Rexistro, non se xustifica esta diferenciación entre o C1 e o C2.*

*Como xa se razonou nos casos anteriores, a diferenciación basease na aplicación do manual de valoración e na descrición e análise de postos, é obvio que un/unha traballador/a encargado/a do rexistro non debe ter a mesma capacitación e responsabilidade que un/ha auxiliar de atención ao público.*

**3º.-** *Sobre a proposta de que os/as administrativos/as C1 sexan valorados/as cun complemento de destino nivel 20.*

*A valoración do complemento de destino deriva da aplicación do manual de valoración. A petición xeralizada de suba, é xenérica, non concreta qué factor debería incrementarse para fundamentar esa subida, como xa se di, xeralizada para todos os postos.*

**4º.-** *Os/as auxiliares administrativos/as C2 sexan valorados/as cun complemento de destino nivel 18.*

*Ao igual que a anterior, a valoración do complemento de destino deriva da aplicación do manual de valoración, á parte desa petición xeralizada, non se concreta en qué factor sería preciso incrementar para fundamentar esa subida.*

**5º.-** *Revisión do concepto responsabilidade na valoración realizada no complemento específico, xa que ao seu xuízo non procede a diferenciación en persoal do mesmo grupo profesional (A1) e cos mesmos requisitos de titulación de acceso.*

*En relación cos grupos de clasificación dos/as empregados/as públicos/as, a pertenza a un determinado grupo profesional, non ten que determinar, sen máis, a equiparación no concepto de responsabilidade.*

**6º.-** *Solicitan tamén que se reconsidere e se volva a avaliar a valoración realizada no concepto de atención ao público, citando a título de exemplo as diferenzas, entre outras, dos/as auxiliares administrativos/as e os/as axentes da cidadanía, poñéndoo en conexión co art. 2 do Regulamento do teletraballo no Concello de Monforte de Lemos.*

**7º.-** *Falta motivación nos complementos persoais transitorios.*

*A motivación da existencia do CPT deriva da propia valoración, de acordo co manual do completo específico. Cando da valoración resulta un complemento específico menor que o que ven percibindo o/a traballador/a que desempeña o*





## SECRETARIA

*posto de traballo, por aplicación da normativa e da doutrina xurisprudencial, procede aplicarlle dito complemento.*

**8º.-** *Reconsideración e harmonización da asignación dos complementos de destino dentro dos grupos.*

*Esta é unha alegación xenérica e, igual que no complemento específico, comprende reiterar, en relación cos grupos de clasificación dos/as empregados/as públicos/as, que a pertenza a un determinado grupo profesional, non ten que determinar, sen máis, a equiparación nos conceptos do complemento de destino de xeito xeralizado xa que será despois dunha análise de cada un dos postos, de acordo co manual, onde se determinarán os niveis de Complemento de Destino.*

**9º.-** *Manifestan que ningún posto pode ter 0 puntos nos apartados de responsabilidade e de atención ao cidadán.*

*Neste sentido reiterar, novamente, que non todos os postos de traballo teñen que ter complemento específico, nin aqueles que o teñan teñen que ter valorado todos os factores que o compoñen. As características básicas dos postos xa están contempladas no Complemento de Destino.*

- **CIGA**

**1º.-** *Proposta de establecer fórmulas de proporcionalidade entre os complementos específicos máis altos e os máis baixos, estreitando o abono salarial cunha proporcionalidade onde o complemento específico máis alto non multiplique por 3 ao máis baixo.*

*En relación con dita alegación subliñar que os complementos específicos axústanse ao contido do posto de traballo e de acordo co manual de valoración. Establecer este abanico salarial suporía tratar inxustamente aqueles postos que teñen maior responsabilidade.*

**2º.-** *Proposta de reformulación dos baremos e corrección da puntuación no factor 1(dificultade técnica) no manual de valoración respecto ao complemento específico.*

*Como xa se puxo de manifesto nas diferentes Mesas Negociadoras ésta é unha proposta xenérica, que non concreta sobre qué puntos e con qué argumentos se pretende reformular, e por qué os argumentos do manual resultan, ao seu xuízo erróneos.*

**3º.-** *Alegan que todos os factores que se teñen en conta neste manual deben reflectir algunha puntuación, polo que non sería posible que existan postos*



## SECRETARIA

*onde a responsabilidade, a atención á cidadanía ou calquera outro factor se contabilice como cero.*

*Igualmente que no punto anterior nas diferentes Mesas Negociadoras razonouse que non todos os postos teñen que ter complemento específico, e os factores que se sinalan xa están contemplados no complemento de destino. O complemento específico valora as especificidades dalgúns postos de traballo.*

**4º.-** *Propoñen que se reformule a categoría de operarios/as a oficiais equivalencia C2.*

*Ésta é unha alegación xenérica porque non se xustifica qué criterios do manual de valoración deberían de ser aplicados.*

**5º.-** *Alegan que os postos de traballo de auxiliar deben de pertencer ao Grupo C1.*

*Ésta é unha alegación xenérica porque non se xustifica qué criterios do manual de valoración deberían de ser aplicados.*

**6º.-** *Solicitan a reformulación dos/as operarios/as de mantemento dos colexios, entendemos como incongruente que nas funcións de conserxería se puntúe atención cidadá, xa que se entendemos ao alumnado como cidadáns/ás que gozan dun servizo, haberá a lóxica reformulación da puntuación.*

*Unha vez analizado o contido do posto de traballo e as obrigas do Concello, as funcións que realizan non son de atención ao alumnado nin aos/ás docentes, son funcións de mantemento da instalación.*

**7º.-** *Propoñen que os/as técnicos/as dos grupos A1 e A2 deberan ter, agás postos moi concretos e singularizados, entre eles unha puntuación similar que podería achegarse segundo a nosa valoración aos 240 puntos (de non modificarse o manual de valoración proposto polo goberno na MXN).*

*Esta é unha valoración xenérica que non concreta en qué factor do manual de valoración se fundamenta.*

**8º.-** *Consideran que os postos de capataces/zas deberan de considerarse C1 ou equivalente.*

*Xa respostada no apartado anterior.*



## SECRETARIA

*Con base no transcrito Informe PROPOÑO que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por polos empregados/as públicos/as (individuais ou colectivas) seguintes:*

- D. Andrés Campanario Rodríguez, D. Alberto Loureiro Casas, D. José Luis García Díaz, Dna. María Teresa Domínguez Pereira, Dna. Montserrat Rodríguez Quiroga, Dna. Paula López López.*
- Dna. Antía Nieves Rodríguez.*
- D. Carlos Álvarez Arias.*
- D. Francisco Javier Rodríguez Casares.*
- D. José Antonio Fernández Fernández.*
- D. José Luis Rodríguez Rodríguez.*
- D. Juan Antonio Pérez Pérez.*
- D. Juan Carlos Prado Díaz.*
- Dna. María Celia López Rodríguez.*
- Dna. Noelia López Prieto e D. Pedro Sánchez Rodríguez.*
- Dna. Paz Marcos López.*
- D. Rafael López Sutilo.*

*Con base no informe, desta data, emitido polo Sr. Secretario Xeral, que serve de motivación de dita desestimación.*

*SEGUNDO.- Estimar, parcialmente, a alegación presentada por Dna. Elisa Martínez Arias, nos termos recollidos no Informe do Sr. Secretario Xeral, que serve de motivación de dita estimación parcial.*

*TERCERO.- Desestimar as alegacións presentadas polas seguintes organizacións sindicais:*

- CC.OO.*
- CSIF.*
- CIG.*

*Con base no informe, desta data, emitido polo Sr. Secretario Xeral, que serve de motivación a dita desestimación.*

*CUARTO.- Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias.*

*QUINTO.- Publicar a Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*SEXO.- Remitir copia da Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días, dende súa aprobación definitiva.”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada fala da presentación de alegación por 13 traballadores. Estase a falar dun 10% evidenciado o grado de satisfacción da relación e postos de traballo. Todas as alegacións fan referencia á persoa que ocupa a persoa do posto de traballo e rematan dicindo que son merecedoras dun complemento específico máis elevado. A facultade de organizar o traballo corresponde ao concello, non se valora á persoa que desempeña o posto de traballo senón ao posto de traballo, algo que non se ten en conta, dicir que as valoracións que piden xa se atopan valoradas no complemento de destino, as retribucións básicas en función do grupo de clasificación non soamente figura o complemento de destino, factores como a especialidade, responsabilidade e competencia. Non existen condicións que acrediten unha valoración superior. Asígnase a un dos reclamantes un nivel 16 cando o máximo está no 18 e o mínimo no 9, as retribucións non sofren retribución algunha. Aqueles traballadores que eran capataces e que agora pasan a ser oficiais débese a que nese mesmo posto non ten atribucións de capataz, non son responsables de programar, nin supervisar o traballo doutros, en referencia ás alegacións presentadas polos dous GRUMIR o que pretenden non teñen cobertura na estrutura do Concello, non mandan sobre ninguén eles están aquí por unha subvención que solicitou no seu día o goberno do BNG e ata de agora en fraude de lei. En cando ás centrais sindicais, dicirlles que ningunha delas aporta nada novo, non entran no fondo do asunto, so se limitan a dicir que non houbo negociación, nas que ningún puxo riba da mesa unha proposta, por exemplo no caso de CCOO non ofrece nada novo, se limita a dicir que non houbo negociación, soamente se limitaron a defender dous ou tres casos puntuais de afiliados que estaban nese momento. En canto á CIG non falan que criterios do manual se deben modificar, as alegacións se atopan contestadas.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que se volve a escoitar o que se escoitou no pleno anterior, so que facendo fincapé nas alegacións. Nas alegacións vése que non se recolleu ningunha practicamente. O voto de hoxe tamén vai ser en contra, e volven repetir cousas que xa se falaban de cousas puntuais que non estaban axustadas á realidade daquel entón, eles cren que máis aló de que as alegacións foran un 10% no momento que alguén fai unha reclamación, fala de que todos son con fundamento, despois de escoitar a intervención da concelleira de facenda e réxime interior, que o equipo de goberno a reafirmarse no seu posicionamento, que eles en ningún caso comparten. Vendo o que se fixo noutros Concellos de todas as cores, sempre se intentou beneficiar, falar neste caso cos representantes dos traballadores donde se negociaban os manuais de valoración, e unha vez que eses manuais están consensuados. Recalcou a señora Prada que a valoración é do posto de traballo, unha das alegacións do cemiterio é sangrante, teñen que contestalo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que as respostas son varias para todos os traballadores. Vostede din que é negociada, claramente hai diferencias de xente que se vai deixar de pagar, ou a paralizar ata 4.000,00 e hai xente que ten ata 14.000.00 euros.



## SECRETARIA

Vostedes din que é xusta, di que les seguen pensando que se fixo pola xente, vostede din que non é política, nin arbitraria nin inxusta. Eles fixeron preguntas tan básicas, no tema da responsabilidade. Despois se poden respostar porque o xefe de atención ten 90 puntos de atención pública e os axentes 50, porque son cousas que quedaron claras aquí, hai xente que trae dous follas de funcións. Vostedes fixeron o manual de valoración como lles pareceu, di que el non vai falar desa carta, deses 69 ata os 90, aínda hai 21 traballadores, non vai dicir o que pensan , pero é certo que hai cousas que non son de recibo, que vostedes que chegaran a tal punto, que se fixera en horas de traballo unha persoa que vai preguntando polas mesas, si lle parece pouco.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que na relación de postos de traballo eles expuxeron que carencias había, alegroulle no seu día que se dera apoio a urbanismo, di que falta máis persoal cualificado, á hora de redactar as contratacións. Unha vez que está practicamente aprobada e redactada, a responsabilidade é súa, di que eles agora é ridículo presentar ningún tipo de proposta. Por outra banda, esta claro que hai unha porcentaxe de empregados que hai deturminados postos que non se está disposto a negociar as súas condicións, non lles parece que estea ben, en moitos Concellos se chegou a aprobar despois de largos de períodos de negociación, non ve unha disposición de negociación, posto de traballo que vai afectar a determinadas persoas, polo tanto eles teñen que seguir sendo coherentes coa votación do primeiro debate da aprobación inicial, e votar en contra, sobre todo porque non lle gustou as coaccións polo voto en contra, a responsabilidade é súa e non da oposición. Tampouco lles gustou o alegato final do sr. Alcalde no que ademáis amosa unha carta supostamente anónima e asinada por traballadores. Foi moi desagradable aquel alegato, cren que esta relación de postos non estivo negociada suficientes, independentemente que haxa uns traballadores que van ter unhas subidas. Non poden apoiar esta relación de postos de traballo.

Intervén D<sup>a</sup> Gloira M<sup>a</sup> Prada di que eles son serios e cmpren o que din. Estase valorando o posto de traballo non á persoa en concreto, a RPT está axustada á legalidade e á realidade do Concello. Di que eles saben os postos que necesita o Concello para dar un mellor servizo aos cidadán, vostede cre que si está RPT fose tan nefasta habería soamente 13 reclamacións, as centrais sindicais, na segunda e terceira e negociación non traerían unhas propostas máis coherentes, a excepción do CSIF, non trouxeron nada, CCOO dedicouse a velar por dous afiliados equ e estaban presentes. Volve insistir se esta a falar do 90% dos traballadores que están a favor da RPT, deixe votede D. Germán deixe de enganar á xente esa persoa non formou parte da Comisión de Valoración, é unha falla de respecto á persoa que realizou ese traballo que é o Secretario do Concello, a persoa que lles fala e unha funcionaria do Concello.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que el ten que ler as actas que lle entregaron poden deducir que tipo de xuntanza foi ao tenor das actas facilitadas. Eles non comporten oprque cren que se deben facer as cousas doutro xeito, di que se axusta á lgalidade, soamente faltaría. Di que aquí que lle pregunten os traballadores, non vai dicir aquí o que lle din os traballadores. Gustaríalle que se lles pasase ao resto dos grupos a carta que lle entregaron ao Sr. Alcalde, en definitiva, reafírmase no voto en contra da proposta que traen, e haberá que esperar se estas persoas que alegaron e que non se viu atendida esa alegación de forma positiva, veremos como acaba todo isto.



## SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez non lle cabe duda que é axutastado á legalidade. Non sabe que valentía sería vir aquí ou deixar de vir, para ser valiente, di que el fala con xente, pero é certo que hai moita xente que ten que estar moi contenta coa RPT porque hai moita xente á que se mellora. Vostedes teñen esta forma de facelo, vostedes a van aprobar, isto é un rodelo, el preguntou nunha comisión informativa que se ía subir un 12% ,non cre que sexa ningunha valentía preguntar ou non preguntar, vai seguir preguntando, xa ten pedido por rexistro esa carta, porque non sabe ten dereito. Non lle vai dicir con quen ten que falar, para falar coa xente non hai que pedir permiso.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que chegados a este punto, cando vostedes din que hai moitos traballadores a favor, ninguén pide que se modifique o que está a favor, o que estase a pedir se hai 19 traballadores aos que ateen, aínda que sexan 13 alegacións, 19 persoas é un número importante para escoitalos e chegar a un acordo con eles, e non ve que haxa disposición de chegar a un acordo con eles, polo tanto cre que ás veces hai tragar o orgullo e sentarse a falar, a responsabilidade que esta relación de postos de traballo non se alique cando vostedes queiran vai ser responsabilidade súa.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada di que non lle vai contestar a D. Germán que non lle entendeu. Dille a D. Emilio que haique dar unha volta por aí e analizar ven as cousas, os manuais de valoración non se negocian. Tres reunión son suficientes para negociar unha relación de postos de traballo, 13 alegacións fronte aos 90 non significa nada. Non pode flar de negociación nin de acordos nin de nada, y sabe o que é todo isto, a oposición si que é responsable, se isto non se leva adiante serán tan responsables como eles. Hai que lanzar as cousas fundamentadas e en base a qué.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que fai falla algunha aclaración. Fíxense vostedes se se fixo a relación de postos de raballo en base aos postos e non ás persoas porque podíase acordarse de que non foron estruturales moitos postos, o conservatorio non é estrutural o Concello pode funcionar sen o conservatorio, intervención, secretaría e Tesorería son estruturales. Os GRUMIRS, servizos non son estruturales, igual que está privatizada a auga ou o lixo , pódese privatizar a luz, sen embargo decidiuse estabilizar a toda esa xente. Se fora en base a persoas habería que tomar outra decisión, no caso do conservatorio mellorouse a case todos, por certo é o que máis costa. As persoas que non tiñan os contratos ata o 100% van ao 100%, os que estaban por debaixo de media xornada, van a media xornada, por certo, onde está o contencioso que ían presentan contra o regulamento. Se fixo en base aos postos de traballo, non ás persoas.

A porcentaxe din que non é importante, claro que é importante, claro non é o mesmo que estea en contra o 80% que a favor. Un 20% en contra é que hai un 80% a favor, hai catro veces máis, para el é unha porcentaxe importante, porque el se cansou de escoitar sobre todo a dous sindicatos, ao resto non que todos os traballadores estaban en contra, non é verdade porque non houbo unha soa asamblea xeral onde dixeron que opinades. Eses dous sindicatos que dicían, non propuxeron, o bo serio que dixeran que eles tiñan un proxecto de RPT pero dicir que o teu non me gusta, iso non vale. Polo tanto, que pasaba que había motivos políticos e non sindicais. Falaban do servizo de atención á cidadanía, e que xustamente este servizo se creou cando gobernaba alguén que non era el, se fixo para atender á cidadanía e os xefes dun servizo teñen máis valoración, porque é de caixón, ten a mesma valoración o interventor que un auxiliar administrativo, pero iso pase en calquera sitio. Quén nomeou á Comisión de valoración di que foi el, onde esta un papel asinado por el onde diga que esa persoa formou parte da Comisión, non é verdade, esa mentira non



## SECRETARIA

colle pola porta da igrexa, ensinen o documento que el firmou. Esas cousas non as van poder demostrar porque non as hai. Eles non fixeron asinar a ninguén, foi espontáneo, foron eles que viñeron a entregar ao alcalde anónimo e persoal, pero sabe vostede porque pasou iso, porque foi voluntario, sentoulles mal porque tirou por terra o seus recursos. Fala de que hai un 80% a favor, coaccións é un delito, cando se utilizan este de expresións, cando un non sabe o que di, ou está metendo a pata, se vostede ten probas vaia ao Xulgado e á Fiscalía e senón cale a boca porque está mentindo, por iso non vai ter un voto máis, por certo están un pouco escasos, e logo din outra cousa, que vai vira o Concello cantas veces queira, vostede non pode ir polos servizos sen pedir permiso previo, porque está interrompindo o traballo da xente. Di que hai xente que ás veces ensina cousas sen autorización do goberno o que é ilegal, e miren se foron bos que consentiron esas cousas, non está nas súas obrigas laborais.

En números redondos esta relación costa 400.000 euros ao Concello de Monforte, vai para os traballadores, non vai para a Corporación, cando queren vostedes que gastemos na RPT. Di que hai unha boa relación de postos de traballo nin costar un duro, non coma noutras ocasións, a coste cero fíxose unha boa RPT onde o 80% está a favor. Di que eles están orgullosos do respaldo dos traballadores e traballadores, está contemplado nos presupostos no ano 2023, en dous anos, en xaneiro de 2025, está vixente a totalidade da relación de postos de traballo.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

#### **4º.- APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO).**

*O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE), e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.*

Transcríbese a proposta da alcaldía:

***“ASUNTO: CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO).*”**

*En relación ao asunto de referencia,*

***- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, nomeado por resolución da Subsecretaría para a Transición Ecolóxica de data 11 de xullo de 2018, en exercicio das***



## SECRETARIA

competencias que lle atribúe o artigo 48.2 da LRXSP e os artigos 23 e 24 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- O **Municipio de Monforte** ostenta competencias propias na materia obxecto do convenio en virtude do establecido nos artigos 25 e 26 da LRBRL.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS**

**PRIMEIRA.-** A lexislación de réxime local de Galicia, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

**SEGUNDA:** No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

**TERCEIRA:** No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme ao artigo 143 da LRXSP: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios “(art. 143) 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.





## SECRETARIA

**CUARTA.-** O artigo 47.1 da LRXSP, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

**QUINTA.-** En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. Os convenios subscritos pola Administración Xeral do Estado ou algún dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes resultarán eficaces unha vez inscritos no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, ao que se refire a disposición adicional sétima e publicados no “Boletín Oficial do Estado”. Previamente e con carácter facultativo se poderán publicar no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma ou da provincia, que corresponda á outra Administración asinante ”.

**SEXTA.-** No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

- Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
- O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.



## SECRETARIA

- *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- *Réxime de modificación do convenio.*
- *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
  1. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
  2. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”.

**SÉTIMA.**- *Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da LRXSP e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:*

1. *A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.*
2. *O seu impacto económico cuantificado.*
3. *A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.*
4. *Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”*

## CONCLUSIÓNS

*En base ao anteriormente exposto **informase favorablemente** a aprobación do gasto anticipado e do borrador do convenio que se incorpora ao expediente, tendo en conta que:*

**1º** *Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.*

**2º.** *O Convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).*

**3º** *O convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:*



## SECRETARIA

*“Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.*

*4º Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.*

*5º O concello adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 86.556,20 € e no orzamento de 2024 a cantidade de 316.500,00 € e no 2025 a cantidade de 286.943,80 € cada ano tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

*6º O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é o Pleno.*

*Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** “.*

**Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que polo PLENO se adopte o seguinte ACORDO:**

*Primeiro.- Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) por importe total de 4.600.000,00€.*



## SECRETARIA

*Segundo.- Aprobar o compromiso de aportación da achega económica, por parte do Concello, por importe de 690.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio.*

*O concello adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 86.556,20 € e no orzamento de 2024 316.500,00 € e no 2025 a cantidade de 286.943,80 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

*Terceiro.- Poner, de forma gratuita, a disposición de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil los terrenos de su propiedad necesarios para la realización de las obras, 5.000 m2. Terrenos que fueron adquiridos por el Ayuntamiento de Monforte de Lemos a Suelo Empresarial del Atlántico S. L (SEA) por importe de 117.975,00 €.* “

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén o Sr. Alcalde explica que dende facía tempo se viña negociando coa Confederación, como vostedes saben que se adquiriu unha parcela preto da depuradora, xustamente para destinala a este fin a unha nova depuradora que dea resposta ás necesidades do polígono actualmente e de cara ao futuro. A que hai actualmente non depura de acordo cos parámetros legalmente establecidos, por outra banda, o polígono está crescendo, tal é así que un montón de parcelas que había quedan dúas e, hai en marcha a ampliación, de feito hai contratada unha empresa o plan especial para ampliación do polígono, para converter eses terreos que cedeu a Deputación de Provincial para convertelos en industriais, agora mesmo son rústicos. Toda esa zona vaise ordenar, iso xa está contratado, de feito hai un plan de traballo, tan pronto estea resolto ese trámite, esas parcelas que dan a esa rúa nova que abriuse xusto pegada a gasolinera ata o punto limpo, serán parcelas industriais. A inversión é moi importante, que chegará aos 5 millóns de euros. Di que a nova depuradora dun tamaño considerable vai entrar en funcionamento por módulos, porque para que funcionen ben deben ter unha determinada carga, e haberá capacidade para poder ampliar no futuro, e outra característica é que as augas depuradas vanse entubar ata a actual depuradora de Piñeira, isto vai permitir que o actual polígono medre e que creza outro tanto que se duplique porque ten capacidade suficiente, é unha inversión que vai dar resposta a longo prazo.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que todo o que sexa mellorar as infraestruturas necesarias neste caso para o denserolo do polígono, di que eles van apoiar, espera que isto no quede nun simple convenio e se leve a cabo. Fala dunha cláusula extinción do convenio, aquela parte que non cumpra coa súa función, levará o pago dunha indemnización, que non está cuantificada. Di que eles van dar un voto de confianza e que é algo necesario e imprescindible para o polígono industrial.



## SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez id que o seu voto vai ser favorable, non é sin tempo xa que fai 26 anos que se leve a cabo iso. O certo é que houbo un montón de multas debido a ese regato, agora a confederación ten a ben facer esta obra que lles parece moi ben. Se lle permite unha cousa do que dixo, el non veu aquí a falar con ninguén el soamente ven a rexistro, non é certo o que di vostede que el vai molestando a ninguén. O que quere deixar claro non ven molestar a ninguén, é certo que un día entrou non despacho do Secretario, noín é certo o que vostede dixo, denme a grabación, non vai permitir que vostede minta cando está diante.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifesta que quería aclarar dúas cousas de antes, a administración pública os cidadáns poden entrar, outra cousa é que o funcionario lle derive a onde corresponda. Por outra banda, comentar que se acusaba que iso era un delito acusar a unha persoa que alguén esta cometendo un delito tamén é un delito. En relación ao convenio non pode votar en contra porque é moi necesario, moi repetitivo o problema de saneamento e depuración. Aplauden este convenio e a esperanza que se execute nos tempos que se estipula, do mesmo modo sucede tamén tal como comentaba o compañeiro D. Emilio, fala dos pasos a nivel, e todavía non hai atisbos de que iso se suprima. Están acostumbrados á propaganda e aos anuncios, porque o único que fixeron foron dous parques, haber si finalmente todo o qu elevan anunciando se executa.

Intervén o sr. Alcalde dicíndolle a D<sup>a</sup> Katherinie que se vostede se escoita debería darlle vergoña allea. Pregúntalle aos cidadáns. Vostedes manipulan o que queren el non dixo que os cidadáns non pode entrar na administración e vostedes mesmos, claro que poden entrar, o que non pode andar polo medio dun servizo cos funcionarios iso non se pode. Non diga esas cousas. O que non se pode facer é o que fixo vostede no multiusos e quén o guiou a vostede tampouco, e despois queren dar exemplos.

Vostedes viñeron aquí dicindo que había que subir ese 20% nas obras, porque todo o expediente houbo que volveu atrás para a actualización do decreto do 20% ,e houbo que facer o mesmo percorrido. Se non hai ningunha historia rarar a primeira licítase ese proxecto que é unha inversión importantísima, que leva consigo a supresión de varios pasos a nivel, que leva a creación de varias rúas, por ambos lados da vía, así que fíxese vostese se é importante. Vostede D. Germán di que algúns falaban e outros fan, o polígono non leva 20 anos, leva 40 e pico anos, aquí gobernou a UCD, Coalición Galega, PP e BNG pero a depuradora é a mesma, quén a mellorou foi este goberno.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que supostamente cada voceiro ten seis minutos. Vostede non prometa cousas que non dependen de vostede. Ogallá se cumpra porque é imprescindible para Monforte. Eles dixeron que non se ía facer senón que ogallá se faga. Van votar a favor.

Intervén D. Jaime Vázquez do que trae o tema das eleccións é vostede sempre, pero vostede é super serio igual, vostee poder facer estas cousas, pero eles non, non



## SECRETARIA

sabe cantos votos van quitar, pero el non está preocupado, porque non se xoga nada, nin unha décima parte do que se xoga vostede, iso non lle pode molestar, é un pesado con esas cousas é vostede.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que hai recoñecer que os parques que fixo están ben. Dicirlle que é unha persoa que alcalde e presidente da Deputación, esperaban que isto se solucionara antes incluso. Está moi ben que anuncie o que fai, está nunha posición moi boa, un presupostos saneados, un remanente que pode utilizar, e ademáis o partido político ao que vostede pertence goberna, e o menos que se pode pedir a unha persoa que na súa dsituación, chega tarde, non lle queda máis remedio que esperar a que isto se execute.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el non se xoga nada, porque el ten un posto de traballo. Aínda que deixara de ser alcalde como concelleiro sairía, ou senón pode seguir sendo presidente da deputación, igual que o de Ourense, ao a de Pontevedra. Tampouco lle afecta á tenente alcalde o que pasa que algúns teñen compromisos e outros están aquí de xovi coma vostede. D<sup>a</sup> Katherinie dicir que non fixeron máis que dous parques, este equipo de goberno levan feito máis de 150 rúas, sen contar as parroquias, que se arranxaron todas, a parte de locais sociais, se arranxar máis de 150 rúas iso non é nada, iso notouse ben onde se fixo, agora hai dúas que están mal. Duplicouse o parque da Compañía, fíxose o parque de skate, tamén se fixo o parque do hospital, o parque da zona C, parque do Valle de Lemos, aparte de urbanizar a zona C, o logo a obra que estase a facer de saneamento, poñer en cintura a Aqualia, dúas veces gañaron no barrio do hospital, e perdeu no investimento que tiña que haber feito, fíxese vostede se tiveron tempo de facelo antes. Falando de medio ambiente a lagoa que acabou de abrir hoxe, iso caeu do ceo, ninguén xestionou, o tema dos campos de fútbol que se están arranxando, o cambio do alumeadado público e moitas outras cousas máis, así que non diga vostede para dous parques que fixeron, iso non o cre nin vostede.

Sometido o asunto a votación, apróbbase por unanimidade con dezáseis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

### **5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A CREACIÓN DUN EQUIPO DE TRABALLO PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DAS ZONAS PEONÍS DE MONFORTE.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“Que se cree un equipo de traballo conformado por membros da Corporación, representantes das asociacións de persoas con discapacidade e maiores, técnicos en*



## SECRETARIA

*urbanismno e expertos en tráfico, para a elaboración de un proxecto, no cal se determinen os puntos necesarios de mellora de accesibilidade nas zonas peonís de Monforte de Lemos, e se procederá a súa execución a través de fondos propios e de outras admsinistracións competentes”.*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o que vai votar é a propia proposta non a exposición de motivos. A iniciativa ten un fondo que comparten que é a eliminación de barreiras arquitectónicas atendo á lei vixente. Que ten a ferramenta é un plan de mobilidade, se se fai un plan de mobilidade, debería aparecer as necesidades que hai en todo o municipio, e de aí ver que modelo de cidade queremos, porque hai unha lei que di como hai que facer as beirarrúas, etc. Máis alo de reclamar puntos concretos, deberían especificar técnicos de urbanismos. Di que hai que avanzar e ver ao redor como se urbanizan as cidades, di que eles van votar a favor do espírito da iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez felicita polas obras acometidas de eliminación de barreiras no ano 2021, se van por diversas rúas, hai moitas destas rúas que se vai en cadeira de rodas tes problemas. O que se di da plataforma única no Centro de Saúde como en Rof Codina, hai problema de accesibilidade a un montón de puntos de Monforte, hai moitos menos que hai anos, estase a pedir ese plan de mobilidade, son cousas que pasan de soslaio.

Intervén D. Ibán Torres fala dun tinte populista. Di que hai que ser un pouco máis rigurosa o binomino accesibilidade e patrimonio é moi complexo, require unha percpción sensible del entorno, é un problema máis amplo que se imaxinan. Por parte das administracións hai que buscar solucións, o patrimonio por unha parte é moi diverso, de aí que haxa unha maior dificultade. A Catedral de Lugo non era accesible ata agora, vostede ben cunha moción que lle parece populista. Traballar con accesibilidade non é facer accesible todo. Vostede non marca prioridades nin fala de casas concretos. Vostede como ben sabe o alcalde contratou un plan de mellora de accesibilidade en edificios municipais, encargouselle á entidade Cogami especialista na materia e a que mellor coñece a materia. Fala da sensibilidade e o compromiso do Alcalde coa accesibilidade, di que son conscientes que quedan cousas por facer, este Concello ten moi claro, sempre que se urbanice ou repare algo contemplan sempre a accesibilidade. Un plan de accesibilidade ten que realizarse con personas competentes na materia, isto non é unha cuestión para ocorrencias do ego. Polo tanto cre que debe deixalos traballar como están facendo ocupándose de problemas que antes ninguén se preocupou, continuarase avanzando na solución de problemas de accesibilidade. Os pivotes están para a protección de todo o mundo incluso para os discapacitados, na rúa Conde e Julio



## SECRETARIA

Camba, agora os discapacitados poden transitar, non cre que falla falta tampouco un equipo de traballo para solventar as cuestións que se prantexan.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela claro que están de acordo que se aprobase un plan de mobilidade. Di que eles piden o equipo de goberno, descoñece se o Sr. Ibán lee as mocións, cre que noutras ocasións ao mellor é a súa maneira de argumentar, básicamente cre que xa durante a exposición da moción, recoñecen que este equipo de goberno fixo obras de accesibilidade nos edificios públicos, dando a noraboia. Estase caendo en xeneralismos, é un tema tan complexo, tanto unha beirarrúa, tanto un conxunto histórico, o adecuado é a proposta de crear un equipo de goberno. Vostedes nomearon a Asociación Cogami, técnico de urbanismo, policía local, os que vostede consideren que deben formar para entre todos chegar a un acordo que zonas se poden mellorar, obviamente non é tan fácil mellorar todos, patrimonio é complexo, por iso inclúen que se teñan en conta a colaboración doutras administracións, isto sería primeira pedra para seguir cun proxecto para traballar. A moción é clara tampouco terxiven a moción polos seus argumentos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que pensen na rúa Pascual Veiga e Dr. Casares.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que están máis próximos do que se imaxina. Di que do que di aquí se responsabiliza el, a vostede si que lle dan ao ditado, é difícil responsabilizarse de cousas que di. O equipo de traballo xa está elixido é o que está aquí diante. Gobernar tócale facelo a eles, non van delegar ese mandato en grupos de traballo e en ningunha cousa parecida. De todo este maremágnum predomina hai diferentes puntos, diferentes lugares. Antes os coches invadían as rúas, e agora hai espazo para os discapacitados, fala da difícil labor unha estrutura sólida creativa e aberta con respecto ao patrimonio e á mobilidade.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que xa lles quedou claro porque non votan a favor porque son vostedes o equipo de traballo. Aproveita o dos cubos de lixo, se poden indiquen que sexan máis preocupados de como colocar os cubos, se tenden a poder nas beirarrúas e de colocalos máis próximos ás vivendas, isto ben en relación a un rogo que traen. Agradece a votación a favor.

Intervén o Sr. Alcalde di que en relación con accesibilidade simplemente mire para os edificios na Casa da Cultura no había ascensor, púxose un novo, no Multiusos nunca chegou a funcionar, estaba sen legalizar, no pavillón de deportes, agora hai un que estase a rematar as obras. E logo vostede na súa moción di algunhas cousas que son difíciles de apoiar, fala de Abelardo Baanante, como se salvan as escaleiras, vostede pon uns exemplos difíciles. Fala dos pivotes de Julio Camba e rúa Conde, na parte alta foron eles, na parte baixa xa estaban postos. En Rof Codina tamén o fixeron eles. Vostede vai a Santiago para entrar a Facultade de Medicina hai pivotes para que o tráfico non invada a zona de peóns, se todos cumpriran a norma, pero





## SECRETARIA

como non se cumpre, pois hai que poñer obstáculos. Onde está agora o Centro de Saúde nunca estivo tan ordenado como está agora.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por mairoía con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

### **6º.- MOCION DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA ÁS AXUDAS Á PRODUCCIÓN ECOLÓXICA.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor de D. . Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e nove abastencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*"- Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.*

*-Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente as partidas consignadas no orzamento, en particular as que se destinan a axudas as producións ecolóxicas para cada ano de período 2023-2027.*

*-Instar ao Goberno da Xunta e darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas, para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, coa fin de que poidan reconducir as súas explotacións, e evitar así as perdas económicas inxustificadas.*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o seu apoio a esta moción.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varlea dicindo que esta moción é tipo. Di que non van votar en contra da moción porque están pedindo máis recursos para a agricultura ecolóxica. Etase a estudar de aumentar estes fondos si que recoñecen porque hai un recoñecente da ampliación. Fala do aumento de 5,6 millóns non sabe si é posible, igual o que hai que facer é ampliala de cara a seguintes. O segundo punto parécelle ben se este sector esta en auxe hai que aumentar eses fondos.

Intervén D. Miguel Tomé manifestando que o que dí é correcta en case todo. Esta moción foi aprobada cunha enmenda do PSOE e aceptada polo BNG e correspnde co punto número 2. É a xunta a que ten competencias para dar axudas deste tipo, e tamén ten competencias para poder comercialiozar fóra de Galicia, e non se pode cmpir , fala de plans de mellora de explotacións agrarias, son axudas de cinco anos de aí viñeron os problemas, rematou no 2019, houbo tres anos de impás, no 2020-



## SECRETARIA

2021 o que fixo a Xunta foi manter o que había. No ano 2022 a Conselleira de Medio Rural decidiu ampliar a medida, pero quenes estaban nelas podía ampliar a superficie, quén non estaba podía solicitar, aquí dase unha circunstancia que non aparece estas axudas plurianuais de cinco anos, a novidade que se atopa este ano é que se podía solicitar por un so ano, quén solicita ten que ter moi claro a súa situación personal, incumprir o período implica perder as axudas e unha sanción. Moitos produtores veron as axudas por entrar nun so ano, houbo moitas explotacións esperando do período anterior.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradece a D. Miguel Tomé a aportación que fixo sempre enriquecedor saber, e ten estudos feitos ao respecto, en definitiva cando se trata disto o asunto é que ao paso que se vai non se vai chegar nin de coña. Di que Galicia hai o 5% . Estas cousas son difíciles de encaixar en aras de chegar ao 25%. Falaba D<sup>a</sup> Katherinie do ano 2022, axudas concedidas e non hai fondos para facer fronte, di que a orde é do mesmo de xaneiro.

Intervén D.<sup>a</sup> Katherinie Varela traslada o que lle trasladan a eles hai un crecemento do sector, e que hai que ter una forma e ampliación das axudas, a forma como o van facer o descoñecen, di que se van abster.

Intervén D. Miguel Tomé quere deixar claro ese momento de solicitudes ao abeiro da Consellería deixara facer a solicitude por un único ano, iso creou un pequeno fraude que deixou fora a moita xente, iso xenerou un problema enorme, nada ten que ver cos produtores, a Xunta sabía o que isto podía pasar. Decía Emilio esas axudas nin sequera están aprobadas, hai xente que todavía rematando o ano non sabe se vai a cobrar esas axudas, de feito hai moita xente que non recibiu nada. Si que houbo máis solicitudes porque houbo explotacións que non o puideron facer sete anos, a Xunta adicouse a convencer á xente, isto era innecesario, é probable que se aumente o orzamento debido á desfeita. O tema de transparencia no rural non soe ser moi transparente nestas situacións. A iniciativa do BNG non saíu adiante porque o PP votou en contra.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que se trae a esta cámara a iniciativa, non sabe que no Concello de Monforte hai as granxas que poden estar adheridas, porque está en Monforte a sede do Craega. O que se trata é que dende os Concellos se debatan se envíe á Xunta independentemente da representación que haxa na Cámara, se consegue que se modifique 2022-2023.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto, e tres votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**7º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA REMUNICIPALIZAR A PISCINA MUNICIPAL.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e nove abastencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“A iniciar os trámites necesarios para remunicipalizar o servizo prestado na piscina municipal climatizada, así como as demais instalacións da mesma e das pistas de tenis municipais da Pinguela”.*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa se ten falado este tema. Non sabe se foi neste mandato ou foi no anterior, dende o BNG sempre aboga por ter uns servizos de xestión directa, este caso ten complexidade, pero haberá que buscar as ferramentas para reconvenir a xestión. Non deixa de ser un pataca quente, pero entenden que se pode facer.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que é un tema que xa se trouxo a debate neste pleno. É verdade que se necesita unha solución máis pronto que tarde, polo custo da cesión temporal a TRAGSA tamén cre que é importante antes de tomar unha decisión precipitada de municipalizar ou externalizar coñecer como está a reclamación que supostamente estase facendo á empresa. Está claro que se non se consegue que ningunha empresa se faga cargo dela, o Concello terá que facerse cargo, si lles gustaría aproveitar este debate para que comentaran como vai esa reclamación que se lle interpuxo á empresa.

Intervén D. Ibán Torres vostede máis e máis, populismo, sabe que eles non van municipalizar. Hai cousas que hai que ter valor para dicilas, cando fala de remunicipalizar a piscina, debería ter o valor de dicirlle aos traballadores e as súas familias, que co que vostede pretende se irían á rúa, e posiblemente ningún prestaría os seus servizos se a piscina foxe xestionado polo Concello. Bo pago pretende darlle vostede a esas persoas e as súas familias con esta moción presentada aquí. Diga neste pleno con todas as letras asumiría vostedes unha remunicipalización deste servizo. Cando se fala de remunicipalización que a administración colabora pouco é moi difícil facer fronte a ese servizo, eles van velar polos traballadores, non o fixo este alcalde non peores, se vostede non quere velar polos dereitos dos traballadores da piscina ou non lle importa, dígao claramente, eles van a continuar. Este alcalde ten previsto acometer melloras considerables na piscina, por tanto non poden aceptar a súa moción .



## SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que noné populismo vir aquí falar dos traballadores e as súas familias, e que sin embargo, queren ser un goberno responsable e serio, quere lembrarlle os traballadores e familias, os que lle paga o soldo non é o Sr. Alcalde, son os monfortinos. Non pode vir aquí a dicir que Esperta Monforte pide que se vote á xente da piscina, di que hai un servizo que consta 500.000 euros, e estase en mans de TRAGSA porque se dixo que ía ser puntualmente. O que habería que explicarlle aos monfortinos son 400.000 euros..

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles van votar a favor, non están en contra que se expulsen aos traballadores, pode haber ferramentas para que isto non suceda, hai que ver se realmente encaixan. Di que eles teñen que defender todos os intereses de todos os monfortinos.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que o tema e peliagudo tanto polo que pasaría co persoal, como ve que un servizo que tende a ser deficitario. Eles xa o comentaron na primeira exposición, cren que é importante coñecer a situación actual, acaba de anunciar o Sr. Torres que vai haber mellores na piscina, tamén é importante que se recupere esa reclamación. Di que nestes momentos non poden ter un voto decidido polo que se voto vai ser a abstención.

Intervén D. Ibán Torres preguntando que pode haber ferramentas, diga vostede cales. O que vostede prantexa que os traballadores se queden sen traballo. Van votar en contra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que non poden falar de que son serios e responsables están sen facer nada, eses 400 usuarios ou ter a piscina aberta 84 horas e media á semana, igual non se poder, o que hai que pensar é que están moi cómodos pagándolle a TRAGSA. De que queren que veñan falar, o que din é que non saben o que hai que facer, o que si hai que pensar o Concello non debería de gastar 400.000 euros en algo deficitario, vostede o que non pode ser serio responsable e por outro dicir que son populista.

Intervén o Sr. Alcalde di que cre que fai falla algunha aclaración, o que dixo vostede ás veces non se da conta do que di. Cre que iso de ser serios e responsables claro que o son. Polo tanto que non lle quepa ningunha dúbida que son serios e responsables, isto non é algo privado, é un servizo público. A cidadanía necesita os servizos para que estean máis dotados. O mesmo se perdería ese diñeiro estando xestionado por unha empresa privada que se fose municipal. Fala vostede dos cartos públicos, pero quen decide cando se arranxar é o alcalde e o iso costa cartos, que é o máximo responsable para bo e para o malo, os documentos están aí, quen tomou a decisión de que en vez estar nun ERTE e estean cobrando o 100% foi este alcalde. Dille a D. Emilio que falan vostedes de que se poden traballar aos traballadores dunha empresa privada a unha empresa pública, ata o decreto de Montoro do ano 2012 si que se podían crear empresas públicas, dende aí os Concellos non poden crear empresas públicas. Vaia vostede ao Concello que vaia as



## SECRETARIA

piscinas son deficitarias. Preguntaba vostede por unha cousa, a empresa cando se fixo o rescate do servizo, a empresa denunciou ao Concello, perdeu no TSJ pero non é firme.

Sometido o asunto a votación, rexeitáse por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto, e tres abstencións en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### **8º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (22.11.2022 e 13.12.2022)**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **Pregunta BNG RE 21279**

Cal é a porcentaxe de persoas con discapacidade contratadas polo Concello de Monforte de Lemos?

Resposta o Sr. Alcalde que non hai ningún contratado especificamente.

##### **Pregunta Esperta Monforte! RE 21302**

Estaría o Concello disposto a estudar esta posibilidade?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que en Monforte agora mesmo o número de vehículos deste tipo é irrelevante, tampouco hai espazos para cargalos.

##### **Rogo Esperta Monforte! RE 21301**

Convoque previamente o CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE para analizar ca plataforma sanitaria e o resto de integrantes do consello municipal de saúde a actual situación do hospital e do centro de saúde.

Resposta o Sr. Alcalde que se falou si esto non evolucionaba, teñen pensado despois do aninovo convocar ao consello de saúde.

##### **Pregunta Partido Popular RE 21331**



## SECRETARIA

Ten vontade este equipo de goberno de abrir a rúa Castelao hacia a dereita para ter salidad á rúa Reboredo? De ser así, ¿en qué situación se atopa a iniciativa?

Resposta o Sr. Alcalde resposta o Sr. Alcalde non é que tiñan a intención e que estaba contratada pero houbo que anular o contrato, porque os veciños que deixaban os terreos non o deixaron. O proxecto está feito o punto é que se os veciños firman un documento de que ceden os terreos para abrir iso se abre ese trozo.

### **Rogo Partido Popular RE 21331 rúa Castelao**

Se proceda a mellorar a situación da rúa Castelao, para que se arranxe o asfalto e as beirarrúas, se solicite a institución competente para cercar a vía do tren e se depositen os baldes de lixo máis próximo aos veciños.

### **Rogo Partido Popular RE 21331 rúa Paredes**

Rogamos ao equipo de goberno que proceda a arranxar o chan da rúa Paredes ata o final e se instale algún elemento na proximidade da vía do tren para dar seguridade.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o firme da rúa Paredes está ben. En canto á rúa Castelao, que non pode entrar o camiión do lixo, e logo como fan, ata 200 metros a cada da residencia non hai porque poñer contenedores, pero iso cantos anos leva así, e vostedes estiveron gobernando e non o fixeron. Hai que deixar algúns para o goberno

Intervén Victor López manifestando que nunca se tivo a oportunidade de de xuntarse para un almozo de confraternidade non o di nestes datas, crean un precedente de que toda a corporación faga un almozo de confraternidade.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que lle parece moi ben. Moitas grazas.

Remata a sesión sendo ás dez horas e corenta e oito minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

**SECRETARIA**